



Ámbito social

Módulo 4

Unidade didáctica 16

Os dereitos e os deberes dos cidadáns e das cidadás

Índice

1. Programación da unidade	3
1.1 Encadramento da unidade no ámbito social	3
1.2 Descrición da unidade didáctica	3
1.3 Obxectivos didácticos	3
1.4 Contidos	4
1.5 Actividades e temporalización.....	5
1.6 Recursos materiais	5
1.7 Avaliación	12
2. Desenvolvemento.....	13
2.1 Declaración Universal dos Dereitos Humanos	13
2.1.1 Antecedentes da Declaración dos Dereitos Humanos.....	13
2.1.2 Declaración dos Dereitos Humanos. Etapas históricas	14
2.1.3 Conquista dos dereitos.....	15
2.1.4 Violacións dos dereitos humanos.....	16
2.1.5 Documentos e lexislación internacionais	17
2.1.6 Mecanismos de control e protección.....	18
2.2 A loita das mulleres pola igualdade.....	47
2.2.1 Causas e factores da discriminación.....	47
2.3 Participación cidadá.....	61
2.3.1 Cooperación.....	61
2.3.2 Asociacionismo	61
2.3.3 Voluntariado	62
2.4 Educación viaria	70
2.4.1 A seguridade viaria.....	71
2.4.2 Condución económica ou ecolóxica.....	73
3. Cuestionario de avaliación.....	77

1. Programación da unidade

1.1 Encadramento da unidade no ámbito social

Módulo 1	▪ Bloque 1	- Unidade 1 - Unidade 2
	▪ Bloque 2	- Unidade 3 - Unidade 4
Módulo 2	▪ Bloque 1	- Unidade 5 - Unidade 6
	▪ Bloque 2	- Unidade 7 - Unidade 8
Módulo 3	▪ Bloque 1	- Unidade 9 - Unidade 10
	▪ Bloque 2	- Unidade 11 - Unidade 12
Módulo 4	▪ Bloque 1	- Unidade 13 - Unidade 14
	▪ Bloque 2	- Unidade 15 - Unidade 16: Os dereitos e os deberes dos cidadáns...

1.2 Descrición da unidade didáctica

Esta unidade céntrase nun aspecto nuclear da nosa vida como cidadáns activos: os nosos dereitos e os nosos deberes, que son a base da convivencia democrática. Nela abórdanse as formas de participación cidadá, o recoñecemento das diferenzas de sexo como enriquecedoras das relacións persoais e o recoñecemento da igualdade de dereitos de homes e mulleres, e o rexeitamento de toda forma de violencia. Faise especial énfase na necesidade de respectar os dereitos dos demais nas situacións de desprazamento nas vías públicas, como condutores e como peóns. Os contidos e as actividades desenvolveranse en doce sesións lectivas.

1.3 Obxectivos didácticos

- Coñecer os principios fundamentais que rexen as sociedades democráticas e valorar os dereitos humanos como unha conquista irrenunciable da humanidade.
- Analizar situacións de violación dos dereitos humanos: pobreza, violencia, discriminación, desigualdade, explotación...
- Afondar nos dereitos das mulleres e da infancia, e analizar a falta de respecto a eles por algúns sectores das sociedades.

- Estudar as esixencias e o compromiso que supón para as persoas o feito de vivirmos en democracia.
- Reflexionar sobre as actitudes que deben terse para vivir en democracia e descubrir como estas actitudes axudan a realizarse como persoa, exercendo a liberdade e a autonomía moral.
- Elaborar xuízos e criterios persoais e actuar con autonomía e iniciativa na vida.
- Sensibilizar ante os problemas sociais derivados das situacións de desigualdade e solidariedade cos pobos que atravesan situacións de autoritarismo político e de privación de dereitos e liberdades.
- Analizar as situacións de pobreza e exclusión no noso contorno, tanto na Unión Europea coma en España e en Galicia.
- Obter información de documentos audiovisuais.
- Interpretar a información incluída en textos e gráficos.
- Diferenciar nos textos a información da opinión.
- Elaborar informes traballando en grupo sobre cuestións problemáticas da vida cotiá no mundo actual.
- Procurar en internet información relacionada coa unidade.

1.4 Contidos

- Declaración Universal dos Dereitos Humanos: deberes e responsabilidades que dela se derivan.
- Principais etapas históricas na conquista dos dereitos humanos: valoración das novas reivindicacións (terceira xeración de dereitos).
- Violacións dos dereitos humanos: recursos para as denunciar e as combater.
- Compilación información sobre os tipos de documentos que recollen a lexislación internacional sobre os dereitos humanos (declaracións, pactos, convenios...) e sobre os mecanismos de control e a protección dos acordos.
- Loita das mulleres e das súas organizacións para a conquista da igualdade de dereitos e o seu recoñecemento como suxeitos de dereitos e de cidadanía.
- Análise das causas e os factores da discriminación das mulleres.
- Formas de participación cidadá: cooperación, asociacionismo e voluntariado.
- Dereitos e deberes nas situacións de desprazamento nas vías públicas, como condutores e como peóns.
- Valoración dos dereitos humanos como esixencia mínima de xustiza.
- Coñecemento e respecto dos dereitos dos demais.
- Implicación na defensa efectiva dos dereitos humanos.
- Identificación e rexeitamento das actitudes de intolerancia, inxustiza e exclusión.
- Asunción dos deberes propios nas situacións de desprazamento nas vías públicas, como condutores e como peóns, para facer posible nelas unha convivencia pacífica e sen riscos.

- Identificación e exercicio dos deberes e dos dereitos do alumnado.
- Recoñecemento e valoración das diferenzas de sexo como enriquecedoras das relacións persoais.
- Recoñecer a igualdade de dereitos de mulleres e homes, e identificar e rexeitar as situacións de discriminación de feito das que son vítimas as mulleres.
- Rexeitamento de todo tipo de violencia de xénero.
- Compilación de información sobre as medidas destinadas á prevención e á protección integral da violencia contra as mulleres.
- Recoñecemento e valoración do diálogo como medio para solucionar as diferenzas e os conflitos entre persoas e entre grupos.

1.5 Actividades e temporalización

- Primeira semana: actividades 1 a 12.
- Segunda semana: actividades 13 a 24.
- Terceira semana: actividades 25 a 34.
- Cuarta semana: actividades 35 a 49.

1.6 Recursos materiais

Bibliografía

- Consellería de Educación. Libros de texto para a educación secundaria a distancia, 2000. ISBN: 84-453-2695-3.
 - Módulo 3. Unidade 4 (páxinas 141-147): *Movimentos sociais alternativos*.
- Alberdi, Inés; Rojas Marcos, Luis: *Violencia: Tolerancia Cero*. Programa educativo da Obra Social La Caixa. Barcelona, 2005 (Unidade Didáctica con CD. Nas catro linguas oficiais).
 - <http://educalia.educared.net/tolerancia0/jsp/home.jsp?idioma=es>.
- Calviño Pueyo, Xosé: *¿Somos todos iguais?* Biblioteca de Filosofía Ética Educación Secundaria. Ed. Xerais. Vigo, 1994. ISBN: 84-7507-832-X
- Castán Lanaspá, Guillermo; Cuesta Fernández, Raimundo; Fernández Cuadrado, Manuel: *Escravos, servos e proletarios*. Ciencias Sociais. Xeografía e Historia. Ed. Hespérides. Proxecto Cronos. ISBN: 84-88895-28-3.
- Cruz, Jacqueline: *Amores que matan: Dulce Chacó, Iciar Bollain y la violencia de género*. New York University en Madrid (España).
 - http://letrashispanas.unlv.edu/Vol2/JacquelineCruz.htm#_edn1
- Pérez Froiz, Margarita; Currais Porrúa, Xoán: *Feminino e masculino*. Materiais de Coeducación educación secundaria. Ed. Xerais. Vigo, 1995. ISBN: 84-7507-918-0
- Red Pacto Mundial España:
 - <http://www.pactomundial.org/index.asp?MP=1&MS=1&MN=1>

- Ríos, Xulio: *Nacións Unidas. Textos fundamentais*. Materiais. Ed Xerais. Vigo, 1995. ISBN: 84-7507-904-0
- Varios: *Ética*. Edebé ESO. (Tema 4: Os Dereitos Humanos: democracia e cidadanía.) Barcelona, 2003. ISBN: 84-236-6469-4
- Varios: *En busca da igualdade*. Intermón Oxfam. Colección Monográficos. Barcelona, 2003. ISBN: 84-8452-254-7. Unidade Didáctica en papel e en internet.
– <http://www.intermonoxfam.org/es/page.asp?id=1182>
- Varios: *Sobre os dereitos humanos. Unidade Didáctica*. Seminario Permanente de Educación para a Paz. Sindicato Galego do Ensino e a Investigación CXTG-IN. Noia, 1988.
- Varios: *Sobre a marxinação. Unidade Didáctica*. Seminario Permanente de Educación para a Paz. Sindicato Galego do Ensino e a Investigación CXTG-IN. Noia, 1989.
- Varios: *Sobre a violencia contra a muller. Unidade Didáctica nº 20*. Seminario Galego de Educación para a Paz. Santiago Compostela, 2003.
- Caamaño, Adolfo: *O paxaro do mel*. Ed. Xerais. Colección Fóra de Xogo nº 90. ISBN: 978-84-9782-411-8. Os irmáns Kassai e Yaíza son pastores da tribo dos danákil nas afastadas terras de Abisinia (Etiopía). Eles e o seu amigo italiano Mario deberán enfrontarse a mística Angus Harris e a súa banda de zaireses que secuestran a súa nai e outros veciños para os vender como escravos.
- Ellis, Deborah: *El pan de la guerra*. Ed. Edelvives. Colección Alandar nº 8. ISBN. 84-263-4619-7. Parvana é unha rapaza de once anos que vive en Kabul, na capital de Afganistán, durante o goberno dos talibáns. Cando o seu pai é detido, a súa familia queda sen recursos para vivir. Parvana que é unha muller ten prohibido traballar, polo que se transformará nun neno para sacar a súa familia adiante.
- Janer Manila, Gabriel: *Samba para un “menino da rúa”*. Ed. Edebé. Colección nómadas 9. ISBN: 84-236-5529-6. Benedita Moreira vive nun barrio de favelas de Río. O seu fillo leva varios días sen aparecer pola casa. Ela intuía que algo malo lle estaba a pasar, como a moitos nenos da rúa... e probable que pronto o atopase morto....

Filmografía

- *En el mundo a cada rato* [*No mundo a cada intre*], (2005) de Patricia Ferreira, Pere Joan Ventura, Chus Gutiérrez, Javier Corcuera e Javier Fesser. Duración: 116 minutos. Unicef. Cincas pequenas historias: *O segredo mellor gardado* (a loita contra a SIDA na India); *A vida efémera* (o paludismo ou malaria en Guinea Ecuatorial); *Os sete sumidoiros* (a vida infantil nun barrio marxinal de Arxentina); *Fillas de Belén* (o traballo, a violencia, o maltrato e a explotación infantil, a discriminación por sexos, ... en Perú); *Binta e a grande idea* (educación das nenas en Senegal).
– <http://www.enelmundoacadarato.com/>
- *Marruecos. Derecho a la igualdad* [*Marrocos. Dereito á igualdade*]. Documental da ONG Intermón Oxfam. As mulleres marroquís non só teñen que afrontar as relacións de xénero na rúa senón tamén no ámbito privado e familiar.
– <http://es.youtube.com/watch?v=WtvwFHcxI40>
- *El Milagro de Candéal* [*O milagre de Candéal*] (2004), de Fernando Trueba. Documental sobre a vida de Candela, unha comunidade que, grazas á iniciativa do músico Carlinhos Brown e dos seus moderadores, se converteu nunha comunidade especial.

Empregando a música como vehículo, en Candeal recuperouse a esperanza de que a realidade se pode transformar.

– <http://www.elmilagrodecandeal.com/>

- *Nicaragua. Violencia de género*. [Nicaragua. Violencia de xénero]. Documental da ONG Intermón Oxfam. Duración 5'59 minutos. Falta de política real dos gobernos de Nicaragua para erradicar a violencia contra as mulleres e os nenos].
– <http://es.youtube.com/watch?v=FOU-ZGuY85w>
- *Osama* [Osama] (2003) de Siddig Barmak. Narra a historia dunha nena afgá de 12 anos e da súa nai viúva, quen perde o seu traballo no hospital cando os talibáns chegan ao poder. Ademais o novo goberno prohíbelles ás mulleres saíren á rúa sen a compañía dalgún home da súa familia. Ante a falta de homes na familia, as posibilidades de sobrevivir son nulas, polo que a filla se converte nun neno baixo o nome de Osama...].
– http://www.cgt.es/fedens/IMG/pdf/unidad_mujer.pdf
- *Bend it Like Beckham* [Quero ser como Beckham] (2002), de Irwin Winckler. Duración 110 minutos. Jesminder é unha rapaza de 18 anos que vive coa súa familia, de orixe hindú, en Londres. Os seus pais queren educala como unha muller india, pero ela só quere xogar ao fútbol e imitar ao seu heroe David Beckhan. A súa afección xerarlle un conflito coa súa familia á súa comunidade. Temas: O papel social da muller segundo as culturas; estereotipos home/muller; orientacións sexuais, etc.
– http://www.auladecine.com/recursos/Quiero_ser_Beckham_2004.pdf
– <http://www.edualter.org/material/cineiddssrr/beckam.htm>
- *Sólo mía* [Só miña] (2001), de Javier Balaguer. Duración: 96 minutos. Un publicitario de éxito e unha recepcionista casan e axiña deciden ter un fillo. A vida tranquila que ela soñara desaparece coa primeira labazada. A situación empeora cando a protagonista, Ánxela, decide ir á universidade...] Tema: Violencia doméstica.
- *Te doy mis ojos* [Douche os meus ollos] (2003), de Icíar Bollaín. Duración: 106 minutos. Pilar sae fuxindo do seu domicilio co seu fillo tras nove anos de maltrato. Cando o seu home se decata sae axiña buscala, pois di que a quere máis que a nada no mundo. Temas: Maltrato psicolóxico e contorno familiar e laboral. Violencia xénero.
– <http://www.edualter.org/material/cineiddssrr/ojos.htm>
– <http://www.mepsyd.es/redele/revista4/hermoso.shtml>

Música

- *Ataque 77: Cartonero*. (Disco: Karmagedon)
– Letra: <http://www.musica.com/letras.asp?letra=1121343>
– Vídeo: <http://es.youtube.com/watch?v=ayNFV1GTt2A>
– Temas: traballar é humano e polo tanto é un dereito (Arxentina).
- *Celtas Cortos: Tranquilo, majete*.
– Letra: http://es.geocities.com/orion_yeah/Pdro_guerra03.html
– Vídeo: <http://www.geocities.com/celtasmp3/l-majete.ht>
– Temas: indiferenza do mundo rico fronte ás guerras, pobreza, fame...
- *Guerra, Pedro: Debajo del puente* (Álbum: *Tan cerca de mí*, 1997)
– Letra: http://es.geocities.com/orion_yeah/Pdro_guerra03.html
– Vídeo: <http://www.youtube.com/watch?v=piC5bPhjw9M>
– Temas: desigualdades sociais, norte-sur, transgresión dos dereitos humanos.

- Listaxe de cancións e letras que reivindicamos os dereitos humanos básicos.
 - http://www.ferececa.es/ppt/recursos/massmedia_canciones.htm
- Serrat, Joan Manuel: *Disculpe el señor* (Álbum: *Utopía*, 1992).
 - Letra: <http://www.trovadores.net/nc.php?NM=1891>
 - Vídeo: http://www.youtube.com/watch?v=w8BnbJNP_CI
 - Temas: fame, desigualdades, dereitos humanos.
- SKA-P: *Los hijos bastardos de la desolación* (Disco: *Lágrimas y gozos*).
 - Letra: <http://www.musica.com/letras.asp?letra=1414237>
 - Vídeo: <http://es.youtube.com/watch?v=1UsZQB6rlk>
 - Temas: globalización, explotación infantil na China, as multinacionais, ...
- SKA-P: *El Niño Soldado* (Album: *Incontrolado*)
 - Letra: <http://www.mp3lyrics.org/s/ska-p/nino/>
 - Vídeo: <http://es.youtube.com/watch?v=Q-Iv7JqITjw&feature=related>
 - Temas: guerra, nenos-soldado.
- Los Tigres del Sur: *La Reina del Sur* (Album: *La Reina del Sur*).
 - Letra: <http://www.sitiodeletras.com/mostrar.php?lid=15331&artista=Los%20Tigres%20Del%20Norte&titulo=La%20Reina%20Del%20Sur>
 - Vídeo: <http://video.google.es/videoplay?docid=388300206815169764&ei=Z5IPSdCSK6W82wKz4rjACA&q=Los+tigres+del+norte+la+reina+del+sur&hl=es>
 - Temas: narcocorridos, droga, violencia en México, historia dos hispanos.

Recursos na rede

- Afganistán na rede:
 - Budas Xigantes de Bamiyan. Primeras Noticias. Información Didáctica. <http://www.educared.net/PrimerasNoticias/HEMERO/2001/abr/buda/buda.pdf>
 - Budas Xigantes de Bamiyan. Vídeo en 3D e reportaxe destrución. <http://es.youtube.com/watch?v=f93U8jJ5WOE> <http://es.youtube.com/watch?v=YQ-ooUqvAS8&feature=related>
 - <http://aula2.elmundo.es/aula/laminas/lamina1118135729.pdf> (ficha de datos).
 - As mulleres de Afganistán: <http://www.portalplanetasedna.com.ar/afganistan.htm>
 - Nacións Unidas: <http://www.un.org/spanish/afganistan/index.shtml>
 - Nenos esnaquizados pola guerra. "A xeración perdida de Afganistán": <http://www.unicef.org/violencestudy/spanish/profileindia.html>
 - Noticias guerra: <http://es.noticias.yahoo.com/especiales/afganistan.html>
 - Recursos didácticos: <http://www.historiasiglo20.org/GLOS/afganistan.htm>

- Recursos do país:
http://go.hrw.com/atlas/span_hm/afghanis.htm
- Amnistía Internacional. Declaración Universal dos Dereitos Humanos. Suxestións para traballar na aula.
 - *<http://amnistiacatalunya.org/edu/material/dudh/es/index.html>*
 - *<http://www2.amnistiacatalunya.org/edu/guia/es/index.html>*
 - *<http://www.amnistiacatalunya.org/edu/pelis/index.html>* (Cine e Dereitos Humanos)
 - *<http://www.amnistiacatalunya.org/edu/es/menores/index.html>* (Dereitos dos nenos/as)
- Asociacións de apoio ao pobo saharauí (listaxe e ligazóns á información).
 - *<http://www.cuervoblanco.com/sahara.html>*
- Aula Intercultural. Portal da educación intercultural. Recursos Educativos.
 - *<http://www.aulaintercultural.org/>*
- Convención dos Dereitos do neno.
 - *<http://www.scslat.org/derechos/cronologia.php>*
- Cine e dereitos humanos (fichas de películas sobre dereitos humanos).
 - *<http://www.cineyderechoshumanos.com/basedatos/total.php>*
- Condución eficiente. Manual.
 - *<http://www.terra.org/data/conduccioneficiman.pdf>*
- Consejo de la Juventud de España.
 - *<http://www.cje.org/%C2%BFEn%20qu%C3%A9%20trabajamos/default.aspx?lang=es-ES>*
- Consello da Xuventude de Galicia.
 - *<http://www.cxg.org/>*
- Convenio Sobre os Dereitos Políticos da Muller.
 - *<http://www.cedhj.org.mx/cedhj/legal/declaraciones/decla34.pdf>*
- Declaración dos Dereitos dos Nenos, nos ollos de Mafalda (Quino).
 - *<http://www.margen.org/ninos/derecho2.html>*
- Declaración dos Dereitos dos Nenos (Amnistía Internacional).
 - *<http://www2.amnistiacatalunya.org/edu/humor/mafalda/mafalda.dh01.html>*
- Declaración Universal dos Dereitos Humanos.
 - *<http://www.un.org/spanish/aboutun/hrights.htm>*
- Dirección Xeral de Tráfico. Recursos educativos. Xogos.
 - *http://www.dgt.es/educacionvial/Juegos_Aprende_jugando_.html*
- Recursos didácticos para adultos.
 - *<http://www.educacionvialadultos.es/descargas.jsp#1>*
- Test do exame de conducir.
 - *<http://www.dgt.es/revista/test/index.html>*
- Doctors of the World (vídeos, fotos e unha curiosa e interesante montaxe do mundo co número de habitantes por médico).

- <http://www.dowusa.org/>
- http://adsoftheworld.com/media/print/doctors_of_the_world_netherlands_perspective?size=_original
- Educadores pola Paz.
 - <http://www.educadorespolapaz.org/>
- Educarueca. org (dinámicas de cooperación).
 - <http://www.educarueca.org/spip.php?rubrique14>
- Defensor del Pueblo.
 - <http://www.defensordelpueblo.es/home2.asp>
- Recursos para aula sobre dereitos humanos.
 - <http://enclase.defensordelpueblo.es/>
- Ligazóns sobre dereitos humanos.
 - <http://www.cesarsalgado.net/dereitos.htm>
- France Diplomatie. Dereitos humanos e democracia.
 - http://www.diplomatie.gouv.fr/es/accion-francia_217/derechos-humanos-democracia_336/index.html
- Fundación MAPFRE: conducción eficiente.
 - http://www.mapfre.com/fundaciones/es/InstitutoMapfreSeguridadVial/divulgacion/di_consejosdeseguridadvial/dico_conduccion_ge7.shtml
- Grandes mulleres da Historia.
 - <http://www.elkiosko.com.mx/biografi.htm>
- Guía de xénero: interesante páxina con ligazóns para recursos sobre a muller.
 - <http://guiagenero.mzc.org.es/index.html>
- Hacesfalta.org. Canle solidaria: experiencias, noticias, exposicións, información, organizacións, ...
 - http://www.hacesfalta.org/guia_voluntariado.asp#general0
- Historia da muller en España: Educación en valores.
 - <http://centros5.pntic.mec.es/ies.parque.de.lisboa/alumnos2001/>
- Historiasigloxx.org. Ligazóns sobre o sufraxismo.
 - <http://www.historiasiglo20.org/enlaces/sufraxismo.htm>
- Instituto da Muller.
 - <http://www.migualdad.es/mujer/index.htm>
- Secretario Xeral das Nacións Unidas. Estudo sobre a violencia contra a infancia. Interesante colección de vídeos sobre violencia contra os nenos e nenas, e informe de datos.
 - <http://www.unicef.org/violencestudy/spanish/>
- Ministerio de Igualdade.
 - http://www.migualdad.es/noticias/tolerancia_0/080708_tolerancia_cero.html
- Nacións Unidas.
 - <http://www.un.org/spanish/>

- Estudo do Secretariado Xeral das Nacións Unidas sobre a violencia contra a infancia.
 - <http://www.unicef.org/violencestudy/spanish/photoessay.html>
- ONG españolas na defensa dos dereitos humanos.
 - http://www.tupatrocinio.com/entidades.cfm/cat/defensa_de_derechos_humanos/directorio/1.html
- Save The Children.
 - <http://www.savethechildren.net/alliance/index.html>
- Seminario Galego de Educación para a Paz. Fundación Cultura de Paz. Guías didácticas de películas, artigos e vídeos.
 - <http://www.sgep.org/modules/news/>
- Unidade didáctica sobre a educación para a cidadanía e os dereitos humanos.
 - <http://www.sgep.org/modules/contidos/pdf/PDF%20UNIDADES%20DIDACTICAS/Unidade24.pdf>
- Unidade didáctica sobre educación nos afectos e freo da violencia.
 - <http://www.sgep.org/modules/contidos/recursosgep/unidadesdidacticas/afectos.pdf>
- Unidade didácticas sobre a violencia nos medios de comunicación. Unha educación necesaria nº 22.
 - <http://www.sgep.org/modules/contidos/recursosgep/unidadesdidacticas/medioscomunicacion.pdf>
- Unidade didáctica sobre a liberdade. Educando en valores, nº 21,
 - <http://www.sgep.org/modules/contidos/recursosgep/unidadesdidacticas/liberdade.pdf>
- Unidade didáctica sobre a violencia contra a muller, nº 20
 - <http://www.sgep.org/modules/contidos/recursosgep/unidadesdidacticas/muller.pdf>
- Unidade didáctica: construción da paz fronte á guerra e a violencia.
 - <http://www.sgep.org/modules/contidos/recursosgep/unidadesdidacticas/LIBROPAZ.pdf>
- Terra.org. Blog dun ecoloxista (condución eficiente. Manual e ligazóns).
 - <http://www.terra.org/diario/art01617.html>
- UNICEF. Axencia das Nacións Unidas para garantir os dereitos da infancia. Convención sobre os Dereitos da Infancia.
 - <http://www.unicef.es/conoce.htm>
- Entrevistas sonoras sobre o estado mundial da infancia:
 - <http://www.unicef.org/spanish/sowc08/press/audio.php>
- Estado Mundial da Infancia.
 - <http://www.unicef.org/spanish/sowc08/statistics/statistics.php>
- Excluídos e invisibles. Informe 2006
 - <http://www.unicef.org/spanish/sowc06/>
- Testemuñas de nenos e nenas de diversas partes do mundo:
 - <http://www.unicef.org/spanish/sowc06/profiles/profiles.php>

- Vídeo sobre a saúde en Exipto. Os obxectivos do milenio.
 - http://www.unicef.org/spanish/sowc08/profiles/5_egypt.php
- Vídeos sobre a xuventude contra a violencia (India, Filipinas, Rumanía, Venezuela, Zambia).
 - <http://www.unicef.org/violencestudy/spanish/profileindia.html>
- Unidade didáctica. ROJAS GARCÍA, Elena: Violencia contra las mujeres, de Primeras Noticias. Información Didáctica.
 - <http://www.educared.net/PrimerasNoticias/hemero/2001/nov/soci/maltrato/espe.htm>
- Valedor do Pobo.
 - <http://www.valedordopobo.com/index.php>
- Violencia de xénero: webquest.
 - http://www.phpwebquest.org/wq/violencia_domestica/index.htm
- Voluntariado: presentación para a aula con estadísticas, gráficas, informes, ...
 - <http://www.waporcolonia.com/presentaciones/carballo-cilley.pps>
- Voto feminino en España. Documentos históricos.
 - http://www.almendron.com/historia/contemporanea/sufragismo/sufragismo_4.htm
- Xogos para a cooperación e a paz (presentación, coñecemento, afirmación, confianza, cooperación, comunicación...)
 - http://www.ctv.es/USERS/avicent/Juegos_paz/
- Xuntos.info (Asociacións galegas):
 - <http://www.xuntos.info/>

Dentro da secuencia de actividades que segue, nas actividades do profesorado veñen indicados documentais e películas recomendadas relacionados cos contidos, así como páxinas web que han servir para ampliar coñecementos e para introducir o alumnado no manexo das TIC.


1.7 Avaliación

- A avaliación dos aspectos procedementais realizarase a través da observación e da valoración do traballo proposto na secuencia de actividades.
- A valoración da participación nas actividades de grupo e nos debates propostos polo profesorado farase a través da observación.
- A avaliación dos contidos conceptuais faraa o profesor ou a profesora mediante os cuestionarios que crea oportunos, á parte dos que aparecen nesta unidade.

2. Desenvolvemento

2.1 Declaración Universal dos Dereitos Humanos

As persoas, polo feito de selo, teñen unha dignidade e uns dereitos fundamentais que lles son propios. Estes dereitos coñécense como Dereitos Humanos, e caracterízanse por:



2.1.1 Antecedentes da Declaración dos Dereitos Humanos

- **Declaración de Independencia dos EEUU (4 de xullo 1776):** o primeiro país onde triunfaron as ideas ilustradas.

"Sostemos como evidentes por si mesmas estas verdades: que todos os homes son creados iguais; que son dotados polo seu Creador de certos dereitos inalienables, como a Vida, a Liberdade e a procura da Felicidade; (...) que os gobernos derivan os seus poderes lexítimos do consentimento dos gobernados; que cando unha forma de goberno se faga destrutora destes principios, o pobo ten o dereito a reformala, ou abolila, e instituír un novo goberno que se funde neses principios, e a organizar os seus poderes na forma que ao seu xuízo ofrecerá as maiores probabilidades de acadar a súa seguridade e felicidade."

Preámbulo da Declaración no Congreso das Trece Colonias de América
[http://es.wikipedia.org/wiki/Declaraci%C3%B3n_de_Independencia_de_los_Estados_Unidos]

- **Declaración dos Dereitos do Home e do Cidadán (Francia, 26 de agosto de 1789).** Baixo o lema *liberdade, igualdade e fraternidade*:

1) Os homes naceron, e continúan sendo, libres e iguais canto aos seus dereitos. Por tanto, as distincións civís só poderán fundarse na utilidade pública. 2) A finalidade de todas as asociacións políticas é a protección dos dereitos naturais e imprescritibles do home; e eses dereitos son a liberdade, a propiedade, a seguridade e a resistencia á opresión.

[http://www.aidh.org/uni/Formation/01Home2_e.htm]

- **Declaración dos Dereitos da Muller e da Cidadá.**

"Artigo Primeiro.- A muller nace libre e permanece igual ao home en dereitos. As distincións sociais só poden estar fundadas na utilidade común.

II.- O obxectivo de toda asociación política é a conservación dos dereitos naturais e imprescritibles da muller e do home; estes dereitos son a liberdade, a propiedade, a seguridade e, sobre todo, a resistencia á opresión."

Olympe de Gouges. *Declaración dos Dereitos da Muller e da Cidadá*, 1789/1791

[<http://www.geocities.com/Athens/Parthenon/8947/Olympe.htm>]

- **Convenio da Haia (1899 e 1907).** Regula os dereitos e os deberes en tempo de guerra.

"Artigo 1.- Co fin de evitar, na medida do posible, recorrer á forza nas relacións entre os Estados, as Potencias signatarias comprométese a usar os seus mellores esforzos para asegurar a solución pacífica das diferenzas internacionais. Artigo 2.- En caso de desacordo ou conflito, antes dun chamamento ás armas, as potencias asinantes acordan recorrer, na medida en que as circunstancias o permiten, aos bos oficios ou á mediación dun ou máis Potencias amigas. Acta final: Ata que un código máis completo das leis da guerra se expida, as Altas Partes Contratantes declaran que nos casos non comprendidos nas disposicións regulamentarias adoptadas por elas, as poboacións e os belixerantes quedan baixo a protección e baixo o imperio dos principios do dereito internacional, tal como resultan dos usos establecidos entre nacións civilizadas, das leis da humanidade, e das esixencias da conciencia pública...".

Conferencia da Haia, 1899. *As leis da guerra*

[http://avalon.law.yale.edu/subject_menus/lawwar.asp]

- **Oficina Internacional do Traballo (OIT, 1919).** Organismo especializado das Nacións Unidas, fundado nas negociacións do Tratado de Versalles, para regular o mundo do traballo e das relacións laborais.

«O traballo non é unha mercadoría» (I,a). Entre outros principios e declaracións fundamentais establece que «a pobreza constitúe un perigo para a prosperidade de todos» (I,b), que «todos os seres humanos teñen dereito a perseguir o seu benestar material e o seu desenvolvemento espiritual en condicións de liberdade e dignidade, de seguridade económica e en igualdade de oportunidades» (II,b) e que «calquera política e medida de índole nacional e internacional, nomeadamente de carácter económico e financeiro, deben xulgarse desde este punto de vista e aceptarse soamente cando favorezan, e non entorpezan, o cumprimento deste obxectivo fundamental» incumbindo á OIT «examinar e considerar calquera programa ou medida internacional de carácter económico e financeiro» (II,d), e fomentar o pleno emprego.".

Constitución da OIT (1919) e Anexo da Declaración de Filadelfia (1944)

[<http://www.ilo.org/global/lang-es/index.htm>]

2.1.2 Declaración dos Dereitos Humanos. Etapas históricas

Os historiadores non se poñen de acordo en situar o momento histórico en que o home percibiu a necesidade de recoñecer, valorar, sistematizar e recompilar por escrito os dereitos e os deberes que o asistían. Entre estas teorías destacan:

- Que se atopa no mundo clásico. O código de leis máis antigos conservados son o *Cilindro de Ciro*" (539 a.C.) e a columna de diorita negra sumeria coñecida como o *Código de Hammurabi*, baseado na *Lei do Talión* (*Ollo por ollo, dente por dente*).
- Que é consecuencia do cristianismo (Tomás de Aquino).
- Que o recoñecemento e a valoración xorde a comezos da Idade Moderna. (John Locke).

A Declaración Universal dos Dereitos Humanos adoptouna a Asemblea Xeral das Nacións Unidas o 10 de decembro de 1948 en París.

O seu principal obxectivo era o de establecer, por medio dunha norma escrita, os dereitos básicos do home e da muller e as liberdades dos que gozan todos os seres humanos. Esta idea resúmese no preámbulo e no primeiro artigo:

"Considerando que a liberdade, a xustiza e a paz no mundo teñen por base o recoñecemento da dignidade intrínseca e dos dereitos iguais e inalienables de todos os membros da familia humana;

Considerando que o descoñecemento e o menosprezo dos dereitos humanos orixinaron actos de barbarie aldraxantes para a conciencia da humanidade, e que se proclamou, como a aspiración máis elevada do home, a chegada dun mundo en que os seres humanos, liberados do temor e da miseria, gocen da liberdade de palabra e da liberdade de crenzas;

Considerando esencial que os dereitos humanos sexan protexidos por un réxime de Dereito, co fin de que o home non se vexa compelido ao supremo recurso da rebelión contra a tiranía e a opresión;

Considerando tamén esencial promover o desenvolvemento de relacións amigables entre as nacións;

Considerando que os pobos das Nacións Unidas reafirmaron na Carta a súa fe nos dereitos fundamentais do home, na dignidade e o valor da persoa humana e na igualdade de dereitos de homes e mulleres, e declaráronse resoltos a promover o progreso social e a elevar o nivel de vida dentro dun concepto máis amplo da liberdade;

Considerando que os Estados membros se comprometeron a asegurar, en cooperación coa Organización das Nacións Unidas, o respecto universal e efectivo aos dereitos e liberdades fundamentais do home, e

Considerando que unha concepción común destes dereitos e liberdades é da maior importancia para o pleno cumprimento de devandito compromiso;

A Asemblea Xeral proclama a presente Declaración Universal de Dereitos Humanos como ideal común polo que todos os pobos e nacións deben esforzarse, co fin de que tanto os individuos como as institucións, inspirándose constantemente nela, promovan, mediante o ensino e a educación, o respecto a estes dereitos e liberdades, e aseguren, por medidas progresivas de carácter nacional e internacional, o seu recoñecemento e aplicación universais e efectivos, tanto entre os pobos dos Estados membros como entre os dos territorios colocados baixo a súa xurisdición.

Artigo 1.- Todos os seres humanos nacen libres e iguais en dignidade e dereitos, dotados como están de razón e de conciencia, deben comportarse fraternalmente uns cos outros.

Declaración Universal Dos Dereitos Humanos
[<http://www.un.org/spanish/aboutun/hrights.htm>]

A unión desta declaración e os Pactos Internacionais de Dereitos Humanos forman o que se coñece como Carta Internacional dos Dereitos Humanos.

O feito de gozar de dereitos supón unhas obrigas ou deberes correlativos que temos que cumprir. O principio básico que debe rexer é o respecto aos dereitos dos demais.

Correspóndelles ás sociedades, e por tanto a todos os individuos, a responsabilidade de que os dereitos humanos sexan respectados.

2.1.3 Conquista dos dereitos

O recoñecemento dos dereitos humanos definiu varias xeracións de dereitos:

- **Primeira xeración:** parte da Revolución Francesa e da Declaración dos Dereitos do Home e do Cidadán de 1789, no que se recoñecía, grazas á loita contra o dereito divino dos monarcas, a *Liberdade, Igualdade e Fraternidade*.

Os dereitos civís e políticos nacen da loita contra o abuso de poder por parte das autoridades, pois o Estado debe ser o garante do respecto aos dereitos e liberdades das persoas. Estes dereitos foron recoñecidos no Pacto Internacional dos Dereitos Civís e Políticos (1966).

Nesta xeración de dereitos destacan os dereitos á vida, á integridade física e moral, á liberdade persoal, á igualdade ante a lei, á liberdade de pensamento, conciencia e relixión, liberdade de movementos, xustiza, nacionalidade, participación na vida política, participación na elección ou ser elixido para cargo público, afiliarse a asociacións ou partidos e a participar nas eleccións democráticas.

- **Segunda xeración:** xorde da segunda Revolución Industrial (1917), na procura de xustiza social e benestar común. A loita estivo nas mans de obreiros, campesiños e intelectuais. Son dereitos económicos, sociais ou culturais, como por exemplo: a seguridade social; o dereito ao traballo; a igualdade salarial por igual traballo, remuneración equitativa; a existencia de sindicatos e dereito a afiliarse; descanso e tempo de lecer; nivel de vida axeitado (alimentación, vestido, vivenda e asistencia sanitaria); protección en caso de velez, invalidez, doenza, desemprego, maternidade...; protección da infancia; a educación; participación na vida cultural e dereitos de autor.
- **Terceira xeración:** xorden a partir do enfrontamento da política de bloques (socialista e capitalista) orixinados durante a Guerra Fría. Isto provocou máis pobreza entre os países *pequenos* e, en consecuencia, a solidariedade internacional.

Entre eles podemos destacar: a descolonización e prevención de discriminacións; liberdade dos pobos (política, económica, social e culturalmente); dereito dos pobos a exercer o control dos seus recursos naturais; a paz e a seguridade internacional; o desenvolvemento integral do ser humano.

- **Cuarta xeración:** é unha nova clasificación de dereitos que xorde da necesidade dos novos movementos sociais. Por exemplo: protección ambiental, dereitos dos homosexuais, bioética, novas tecnoloxías...

2.1.4 Violacións dos dereitos humanos

As violacións aos dereitos humanos son accións levadas a cabo por algún elemento do poder do Estado en contra da dignidade humana e cando as autoridades actúan con impunidad na investigación e/ou castigo desas violacións.

Tipoloxía das violacións de dereitos


- **Por omisión:** cando o goberno non actúa malia as denuncias de violacións aos dereitos humanos.
- **Por acción:** cando a autoridade directamente é a que transgride os dereitos humanos.
- **Por consentimento:** cando por medio dunha terceira persoa se realiza a violación aos dereitos humanos.

Algúns gobernos, de tendencias totalitarias ou ditatoriais, nin os recoñecen nin moito menos os respectan. É por iso que moitas persoas sofren:

- **Represións:** detención ou castigo das persoas e accións contrarias ao réxime político establecido nun país. Impediríase exercer certos dereitos e liberdades (expresión, reunión, manifestación, asociación, sindicación...).
- **Detencións ilegais:** é a privación de liberdade, teoricamente temporal, a unha persoa polas autoridades competentes (feito que a diferencia dun secuestro).
- **Torturas:** causar dano físico ou psicolóxico intencionadamente a alguén.
- **Racismo e xenofobia:** aínda que ambos os termos están relacionados e adoitan confundirse, non teñen o mesmo sentido.
 - *Racismo:* discriminación dunha persoa pola cor da súa pel ou algunha outra característica física, e coa finalidade de anular os seus dereitos (ideoloxía de superioridade).
 - *Xenofobia:* odio, noxo ou hostilidade cara aos estranxeiros (rexeitamento).

- **Marxinación da muller:** a maior parte das culturas son patriarcais, onde as mulleres deben ser submisas ao seu home, negándoselles os dereitos máis fundamentais. A Declaración Universal dos Dereitos Humanos proclamou a igualdade entre os dous sexos, garantindo por igual os dereitos económicos, políticos, sociais, civís e culturais. Iso non quer dicir que en todos os países se respecten. Foi por iso que a ONU aprobou o 20 de decembro de 1952 o Convenio sobre os Dereitos Políticos da Muller.
- **Persecución:** accións represivas ou de maltrato continuado, por motivos ideolóxicos ou relixiosos, ao percibir o individuo como diferente (o agresor culpa a vítima). A opresión sobre grupos minoritarios pode levar a secuestros de nenos e mulleres, asasinatos, xenocidios, desprazamentos de poboacións (refuxiados)...

Entre os órganos que velan polo cumprimento dos dereitos humanos e denuncian as contínuas violacións que se producen a cada paso na Terra cabe destacar o seguinte:



2.1.5 Documentos e lexislación internacionais

Textos legislativos	Data de aprobación
▪ Declaración Universal dos Dereitos Humanos.	10 de decembro de 1948
▪ Pacto Internacional de Dereitos Económicos, Sociais e Culturais.	3 de xaneiro de 1976
▪ Acordo Internacional de Dereitos Civís e Políticos.	23 de marzo de 1976
▪ Principios básicos para o uso da forza e as armas polos corpos de seguridade.	7 de agosto de 1990
▪ Convención sobre os Dereitos dos Nenos e Nenas.	2 de setembro de 1990
▪ Declaración de Río sobre o Medio e o Desenvolvemento.	14 de xuño de 1992
▪ Declaración da OIT relativa aos principios e dereitos fundamentais no traballo.	6 de xuño de 1998
▪ Obxectivos de Desenvolvemento do Milenio.	6 e 8 de setembro de 2000
▪ Convención das Nacións Unidas contra a Corrupción.	31 de outubro de 2003

Declaración dos Dereitos do Neno

Xorde no ano 1923 en Xenebra ao ser adoptada pola *International Save the Children Union*. Estes principios foron apoiados pola Sociedade de Nacións o ano seguinte.

Nela recoñeciase que os nenos son o mellor que a humanidade ten, e declaraba o seu deber a súa protección, máis aló de raza, nacionalidade, credo ..., tomando como referencia catro principios: non discriminación, interese superior do neno/nena, supervivencia e desenvolvemento e participación.

1. O neno debe ser posto en condicións de desenvolverse normalmente dende o punto de vista material e espiritual.
2. O neno famento debe ser alimentado, o neno doente debe ser atendido, o neno deficiente debe ser axudado, o neno desadaptado debe ser radicado, o orfo e o abandonado deben ser recollidos e axudados.
3. O neno debe ser o primeiro en recibir socorro en caso de calamidade.
4. O neno debe ser posto en condicións de gañarse a vida e debe ser protexido de calquera explotación.
5. O neno debe ser educado inculcándolle o sentimento do deber que ten de poñer as súas mellores calidades ao servizo dos semellantes.

Amnistía Internacional

[<http://www.amnistiacatalunya.org/edu/es/menores/index.html>]

No ano 1946, a Organización de Nacións Unidas adoptounos cunha lixeira modificación e a Asemblea Xeral da ONU fixoo o 20 de novembro de 1959. Con eles pretendían dar solucións aos problemas da infancia e aos perigos que moitos nenos e nenas sufrían no mundo.

Na actualidade aínda moitos nenos viven nunha situación de desamparo: conflitos armados, explotación (no traballo, sexual)...

2.1.6 Mecanismos de control e protección

As Nacións Unidas crearon unha rede de organismos, pactos e convencións como mecanismos para a protección e cumprimento dos dereitos humanos.

Entre os organismos fundados destacan: Comité de Dereitos Económicos, Sociais e Culturais; Comité de Dereitos Humanos; Comité para a eliminación de todas as formas de discriminación contra a muller; Comité para a Eliminación da Discriminación Racial; Comité contra a Tortura; e Comité dos Dereitos do Neno.

As Convencións son os órganos de control que, entre os seus procedementos, empregan informes periódicos, denuncias individuais ou colectivas presentadas polas vítimas, denuncias presentadas polo Estado de violacións e investigación de casos de violacións xeneralizadas e sistemáticas.

Non todos os comités utilizan os mesmos procedementos.

Comité	Informes periódicos	Denuncias individuais	Denuncias estatais	Violacións sistemáticas
Comité Dereitos Económicos, Sociais e Culturais				
Comité de Dereitos Humanos				
Comité para Eliminación Discriminación Muller				
Comité Eliminación da Discriminación Racial				
Comité contra a Tortura				
Comité dos Dereitos do Neno.				

Rede de Información Xurídica Andina

[<http://www.cajpe.org.pe/rij/bases/Nuevdh/SUMC1.html>]

Declaración Universal dos Dereitos Humanos

Artigo 1.- Todos os seres humanos nacen libres e iguais en dignidade e dereitos e, dotados como están de razón e conciencia, deben comportarse fraternalmente uns cos outros.

Artigo 2.- 1. Toda persoa ten todos os dereitos e liberdades proclamados nesta Declaración, sen distinción algunha de raza, cor, sexo, idioma, relixión, opinión política ou de calquera outra indole, orixe nacional ou social, posición económica, nacemento ou calquera outra condición.

2. Ademais, non se fará distinción algunha fundada na condición política, xurídica ou internacional do país ou territorio de cuxa xurisdición dependa unha persoa, tanto se se trata dun país independente, como dun territorio baixo administración fiduciaria, non autónomo ou sometido a calquera outra limitación de soberanía.

Artigo 3.- Todo individuo ten dereito á vida, á liberdade e á seguridade da súa persoa.

Artigo 4.- Ninguén estará sometido á escravitude nin á servidume; a escravitude e a trata de escravos están prohibidas en todas as súas formas.

Artigo 5.- Ninguén será sometido a torturas nin a penas ou tratos crueis, inhumanos ou degradantes.

Artigo 6.- Todo ser humano ten dereito, en todas partes, ao recoñecemento da súa personalidade xurídica.

Artigo 7.- Todos son iguais ante a lei e teñen, sen distinción, dereito a igual protección da lei. Todos teñen dereito a igual protección contra toda discriminación que infrinxa esta Declaración e contra toda provocación a tal discriminación.

Artigo 8.- Toda persoa ten dereito a un recurso efectivo ante os tribunais nacionais competentes, que a ampare contra actos que violen os seus dereitos fundamentais recoñecidos pola constitución ou pola lei.

Artigo 9.- Ninguén será arbitrariamente detido, preso ou desterrado.

Artigo 10.- Toda persoa ten dereito, en condicións de plena igualdade, a ser oída publicamente e con xustiza por un tribunal independente e imparcial, para a determinación dos seus dereitos e obrigacións ou para o exame de calquera acusación contra ela en materia penal.

Artigo 11.- 1. Toda persoa acusada de delito ten dereito a que se presuma a súa inocencia mentres non se probe a súa culpabilidade, conforme á lei e en xuízo público no que se lle aseguraron todas as garantías necesarias para o seu defensa.

2. Ninguén será condenado por actos ou omisións que no momento de cometerse non foron delituosos segundo o Dereito nacional ou internacional. Tampouco se imporá pena máis grave que a aplicable no momento da comisión do delito.

Artigo 12.- Ninguén será obxecto de inxerencias arbitrarias na súa vida privada, a súa familia, o seu domicilio ou a súa correspondencia, nin de ataques á súa honra ou á súa reputación. Toda persoa ten dereito á protección da lei contra tales inxerencias ou ataques.

Artigo 13.- 1. Toda persoa ten dereito a circular libremente e a elixir a súa residencia no territorio dun Estado.

2. Toda persoa ten dereito a saír de calquera país, mesmo do propio, e a regresar ao seu país.

Artigo 14.- 1. En caso de persecución, toda persoa ten dereito a buscar asilo, e a gozar del, en calquera país.

2. Este dereito non poderá ser invocado contra unha acción xudicial realmente orixinada por delitos comúns ou por actos opostos aos propósitos e principios das Nacións Unidas.

Artigo 15.- 1. Toda persoa ten dereito a unha nacionalidade.

2. A ninguén se privará arbitrariamente da súa nacionalidade nin do dereito a cambiar de nacionalidade.

Artigo 16.- 1. Os homes e as mulleres, a partir da idade núbil, teñen dereito, sen restrición algunha por motivos de raza, nacionalidade ou relixión, a casar e fundar unha familia, e gozarán de iguais dereitos en canto ao matrimonio, durante o matrimonio e en caso de disolución do matrimonio.

2. Só mediante libre e pleno consentimento dos futuros esposos poderá contraerse o matrimonio.

3. A familia é o elemento natural e fundamental da sociedade e ten dereito á protección da sociedade e do Estado.

Artigo 17.- 1. Toda persoa ten dereito á propiedade, individual e colectivamente.

2. Ninguén será privado arbitrariamente da súa propiedade.

Artigo 18.- Toda persoa ten dereito á liberdade de pensamento, de conciencia e de relixión; este dereito inclúe a liberdade de cambiar de relixión ou de crenza, así como a liberdade de manifestar a súa relixión ou a súa crenza, individual e colectivamente, tanto en público como en privado, polo ensino, a práctica, o culto e a observancia.

Artigo 19.- Todo individuo ten dereito á liberdade de opinión e de expresión; este dereito inclúe o de non ser molestado por mor das súas opinións, o de investigar e recibir informacións e opinións, e o de difundilas, sen limitación de fronteiras, por calquera medio de expresión.

Artigo 20.- 1. Toda persoa ten dereito á liberdade de reunión e de asociación pacíficas.

2. Ninguén poderá ser obrigado a pertencer a unha asociación.

Artigo 21.- 1. Toda persoa ten dereito a participar no goberno do seu país, directamente ou por medio de representantes libremente escollidos.

2. Toda persoa ten o dereito de acceso, en condicións de igualdade, ás funcións públicas do seu país.

3. A vontade do pobo é a base da autoridade do poder público; esta vontade exprésase mediante eleccións auténticas que haberán de celebrarse periodicamente, por sufraxio universal e igual e por voto secreto ou outro procedemento equivalente que garanta a liberdade do voto.

Artigo 22.- Toda persoa, como membro da sociedade, ten dereito á seguridade social, e a obter, mediante o esforzo nacional e a cooperación internacional, tendo en conta da organización e os recursos de cada Estado, a satisfacción dos dereitos económicos, sociais e culturais, indispensables á súa dignidade e ao libre desenvolvemento da súa personalidade.

Artigo 23.- 1. Toda persoa ten dereito ao traballo, á libre elección do seu traballo, a condicións equitativas e satisfactorias de traballo e á protección contra o desemprego.

2. Toda persoa ten dereito, sen discriminación algunha, a igual salario por traballo igual.

3. Toda persoa que traballa ten dereito a unha remuneración equitativa e satisfactoria, que lle asegure, así como á súa familia, unha existencia conforme á dignidade humana e que será completada, en caso necesario, por calquera outros medios de protección social.

4. Toda persoa ten dereito a fundar sindicatos e a sindicarse para a defensa dos seus intereses.

Artigo 24.- Toda persoa ten dereito ao descanso, ao goce do tempo libre, a unha limitación razoable da duración do traballo e a vacacións periódicas pagas.

Artigo 25.- 1. Toda persoa ten dereito a un nivel de vida adecuado que lle asegure, así como á súa familia, a saúde e o benestar, e en especial a alimentación, o vestido, a vivenda, a asistencia médica e os servizos sociais necesarios; ten así mesmo dereito aos seguros en caso de desemprego, enfermidade, invalidez, viuvez, vellez ou outros casos de perda dos seus medios de subsistencia por circunstancias independentes da súa vontade.

2. A maternidade e a infancia teñen dereito a cuidados e asistencia especiais. Todos os nenos, nados de matrimonio ou fóra de matrimonio, teñen dereito a igual protección social.

Artigo 26.- 1. Toda persoa ten dereito á educación. A educación debe ser gratuíta, polo menos no concernente á instrución elemental e fundamental. A instrución elemental será obrigatoria. A instrución técnica e profesional haberá de ser xeneralizada; o acceso aos estudos superiores será igual para todos, en función dos méritos respectivos.

2. A educación terá por obxecto o pleno desenvolvemento da personalidade humana e o fortalecemento do respecto aos dereitos humanos e ás liberdades fundamentais; favorecerá a comprensión, a tolerancia e a amizade entre todas as nacións e todos os grupos étnicos ou relixiosos, e promoverá o desenvolvemento das actividades das Nacións Unidas para o mantemento da paz. 3. Os pais terán dereito preferente a escoller o tipo de educación que haberá de darse aos seus fillos.

Artigo 27.- 1. Toda persoa ten dereito a tomar parte libremente na vida cultural da comunidade, a gozar das artes e a participar no progreso científico e nos beneficios que del resulten.

2. Toda persoa ten dereito á protección dos intereses morais e materiais que lle correspondan por razón das producións científicas, literarias ou artísticas de que sexa autora.

Artigo 28.- Toda persoa ten dereito a que se estableza unha orde social e internacional no que os dereitos e liberdades proclamados nesta Declaración se fagan plenamente efectivos.

Artigo 29.- 1. Toda persoa ten deberes respecto da comunidade, posto que só nela pode desenvolver libre e plenamente a súa personalidade.

2. No exercicio dos seus dereitos e no goce das súas liberdades, toda persoa estará soamente suxeita ás limitacións establecidas pola lei co único fin de asegurar o recoñecemento e o respecto dos dereitos e liberdades dos demais, e de satisfacer as xustas esixencias da moral, da orde pública e do benestar xeral nunha sociedade democrática.

3. Estes dereitos e liberdades non poderán, en ningún caso, ser exercidos en oposición aos propósitos e principios das Nacións Unidas.

Artigo 30.- Nada nesta Declaración poderá interpretarse no sentido de que confire dereito algún ao Estado, a un grupo ou a unha persoa, para emprender e desenvolver actividades ou realizar actos tendentes á supresión de calquera dos dereitos e liberdades proclamados...

Declaración Universal dos Dereitos dos Nenos e das Nenas

Artigo 1º.- O neno gozará de todos os dereitos enunciados nesta declaración.

Estes dereitos serán recoñecidos a todos os nenos sen excepción algunha nin distinción ou discriminación por motivos de raza, cor, sexo, idioma, relixión, opinións políticas ou doutra índole, orixe nacional ou social, posición económica, nacemento ou outra condición, xa sexa do propio neno ou da súa familia.

Artigo 2º.- O neno gozará dunha protección especial e disporá de oportunidades e servizos, dispensado todo iso pola lei e por outros medios, para que poida desenvolverse física, mental, moral, espiritual e socialmente en forma saudable e normal, así como en condicións de liberdade e dignidade. Ao promulgar leis con este fin, a consideración fundamental a que se atenderá será o interese superior do neno.

Artigo 3º.- O neno ten dereito desde o seu nacemento a un nome e a unha nacionalidade.

Artigo 4º.- Debe gozar dos beneficios da seguridade social.

Terá dereito a crecer e desenvolverse en boa saúde; con este fin deberán proporcionarse, tanto a el como á súa nai, cuidados especiais, ata atención prenatal e posnatal.

O neno terá dereito a gozar de alimentación, vivenda, recreo e servizos médicos adecuados.

Artigo 5º.- O neno física ou mentalmente impedido ou que sufra algún impedimento social debe recibir o tratamento, a educación e o coidado especiais que require o seu caso particular.

Artigo 6º.- O neno, para o pleno desenvolvemento da súa personalidade, necesita amor e comprensión.

Sempre que sexa posible, deberá crecer ao amparo e baixo a responsabilidade dos seus pais e, en todo caso, nun ambiente de afecto e de seguridade moral e material; salvo circunstancias excepcionais, non deberá separarse o neno de pouca idade da súa nai. A sociedade e as autoridades públicas terán a obriga de coidar especialmente os nenos sen familia ou que carezan de medios adecuados de subsistencia.

Para o mantemento dos fillos de familias numerosas convén conceder subsidios estatais ou doutra índole.

Artigo 7º.- O neno ten dereito a recibir educación que será gratuíta e obrigatoria polo menos nas etapas elementais. Daráselle unha educación que favoreza a súa cultura xeral e lle permita, en condicións de igualdade de oportunidades, desenvolver as súas aptitudes e o seu xuízo individual, o seu sentido de responsabilidade moral e social e chegar a ser un membro útil da sociedade.

O interese superior do neno debe ser o principio reitor de quen teñen a responsabilidade da súa educación e orientación; esa responsabilidade incumbe, en primeiro termo, aos seus pais.

O neno debe gozar plenamente de xogos e recreacións, que deben estar orientados cara aos fins perseguidos pola educación; a sociedade e as autoridades públicas esforzaránse por promover o goce deste dereito.

Artigo 8º.- O neno debe, en todas as circunstancias, figurar entre os primeiros que reciban protección e socorro.

Artigo 9º.- O neno debe ser protexido contra toda forma de abandono, crueldade e explotación.

Non será obxecto de ningún tipo de trata. Non deberá permitirse ao pícaro traballar antes dunha idade mínima adecuada; en ningún caso dedicaráselle nin se lle permitirá que se dedique a ocupación ou emprego algún que poida prexudicar a súa saúde ou educación ou impedir o seu desenvolvemento físico, mental ou moral.

Artigo 10º.- O neno debe ser protexido contra as prácticas que poidan fomentar a discriminación racial, relixiosa, ou de calquera outra índole. Debe ser educado nun espírito de comprensión, tolerancia, amizade entre os pobos, paz e fraternidade universal, e con plena conciencia de que debe consagrar as súas enerxías e aptitudes ao servizo dos seus semellantes.

Secuencia de actividades

S1. *Actividade do profesorado:* breve presentación da unidade.

Explicar a orixe e evolución dos dereitos humanos, no marco legislativo internacional; que se entende por xeración de dereitos, os mecanismos de control e protección para que estes se cumpran en todo o planeta e para todos os individuos.

S2. A aprobación da Declaración dos Dereitos Humanos tivo lugar en 1948. Por que foi precisamente nese ano cando os organismos oficiais sentiron a necesidade de plasmar por escrito os dereitos e deberes dos cidadáns do mundo?

Actividades sobre os dereitos humanos: artigos 1, 2 e 27

S3. A guerra é o maior inimigo dos dereitos humanos.

A prolongada guerra en Afganistán e os moitos e variados cambios políticos producidos no país nas últimas décadas están a deixar baixo sospeita o respecto polos dereitos humanos. Propomos un traballo de investigación nas bibliotecas, en internet e na prensa diaria.

- Evolución política do país (a partir da independencia do Reino Unido en 1919). Complete a táboa indicando a relixión e a situación actual (busque en internet)

Anos	Goberno	Relixión	Características
1919	Monarquía semiabsoluta (emir)		<ul style="list-style-type: none">– Modernización ao soste pactos cos rusos.– O teléfono e o telégrafo chegan ao país.– Retiraron o velo feminino. Escolas de coeducación.
1975	República		<ul style="list-style-type: none">– Chega ao poder cun golpe de Estado
1978	Comunismo		<ul style="list-style-type: none">– Actividade da guerrilla islámica. Ensino obrigatorio.
1989	Goberno progresista		<ul style="list-style-type: none">– Reiníciase a guerra civil.
1996	Teocrático Lei Sharia	Sharia	<ul style="list-style-type: none">– Os talibáns entran en Kabul.
2001	República Democrática Popular		<ul style="list-style-type: none">– Tras os atentados do 11S, unha coalición internacional invadiu o país.– Caída do réxime talibán.
2007			

- Analice o mapa de Afganistán e conteste.



<ul style="list-style-type: none"> ▪ Con que países comparte fronteiras Afganistán? 	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Cal é a capital do país? 	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Subliñe os produtos que abundan en Afganistán? 	<p>Gas natural, petróleo, carbón, cobre, cromita, talco, baritinas, xofre, chumbo, cinc, mineral de ferro, sal, pedras preciosas e semipreciosas, papoulas de opio, la, noces, alfombras tecidas á man, aceite, peles Karabul</p>

- Durante o período colonialista, Afganistán formou parte do Imperio Británico. Constituía un *estado-tapón*. Que quere dicir esta expresión? Que importancia estratéxica tería este territorio?

- Defina os seguintes termos.

<ul style="list-style-type: none"> ▪ Integrisimo 	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Burka 	

<ul style="list-style-type: none"> Coeducación 	
<ul style="list-style-type: none"> Ídolos 	
<ul style="list-style-type: none"> Talibán 	

S4. Afganistán é un tema de actualidade en todos os medios de comunicación. Desde a ocupación polas forzas internacionais, os dereitos humanos apenas poden sobrevivir no país. Observe a táboa de datos.

Datos (2007)		Afganistán	España	O mundo
Superficie (Km ²)		647.500	504.782	510.072.000
Poboación (Hab.)		31.889.923	40.448.191	6.602.224.175
Taxa de natalidade		46'21 ‰	9,98 ‰	20,09 ‰
Taxa mortalidade		19,96 ‰	9,81 ‰	8'37 ‰
Taxa mortalidade infantil		157,43 ‰	4,31 ‰	43'52 ‰
Taxa mortalidade antes dos cinco anos.		257'00 ‰	5'00 ‰	74'00 ‰
Taxa de mortalidade materna (mortes x 100000 nacementos)		1900	5	400
Servizos médicos		1 médico / 50.000hab.	458 méd / 100.000 hab	1'745 / 1000 hab.
Exposición á violencia	Testemuña	97 %	2'3 %	de 2'04 a 4'2 % (1)
	Parente morto	65 %	-----	-----
Taxa alfabetización		12'6 % (32 % H / 8 % M)	97'2 %	82 % (87 % H / 77 % M)

(1) Non existen estudos rigorosos de aí a oscilación do dato.

Doctors of the World [<http://www.dowusa.org/>]

OMS. Informe 2008, CIA World Factbook,

INE (Instituto Nacional de Estadística). [<http://www.comminit.com/es/node/173978/37>]

- Segundo o primeiro artigo da Declaración, todos os homes nacen iguais en dignidade e dereitos. Observe a táboa de datos precedente e conteste:

<ul style="list-style-type: none"> Observando todos os datos da media mundial e os de Afganistán, describa que tipo de país é este (desenvolvido? subdesenvolvido?) 	
--	--


<ul style="list-style-type: none"> ▪ Cales son as taxas máis "negativas" ou desfavorables para un posible desenvolvemento de Afganistán? 	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Teñen as mesmas oportunidades un neno nado en España e outro nado en Afganistán? Por que? 	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Como son os indicadores españois respecto da media mundial? 	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Como son os indicadores afganos respecto da media mundial? 	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Estanse a respectar os artigos 1 e 2 da Declaración dos Dereitos Humanos en Afganistán? Por que? 	


- Observe os datos médicos de Afganistán, España e o mundo proporcionados nesta unidade. Calcule cantos médicos hai por cada cen mil habitantes, tanto no mundo como en Afganistán.

- Compare os datos obtidos coa media mundial de médicos/100.000 habitantes. Todos os habitantes do mundo teñen as mesmas oportunidades de "vivir"? De que depende?

- Cuba é, despois de San Marino, o país do mundo con máis médicos, 5'91/1000 hab. É considerado Cuba un país desenvolvido? Por que? Por que é tan elevada a porcentaxe de médicos?

S5. Sen dúbida un elemento peculiar da cultura afgá é o uso do *burka* polas súas mulleres. Indique se as seguintes afirmacións son verdadeiras ou falsas.

 Burka completo ou afgán Fonte: Wikipedia	Afirmacións	V	F
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Os talibáns fixeron obrigatorio o uso do burka, en Afganistán, unha tea tupida que cubría os ollos. 		
<ul style="list-style-type: none"> ▪ A malla do burka limita a visión lateral das mulleres e provoca a perda de calquera referencia espacial. 			
<ul style="list-style-type: none"> ▪ O burka afgán pesa moito, polo que exerce unha forte presión sobre as cabezas das mulleres. 			
<ul style="list-style-type: none"> ▪ O burka cobre todo o corpo ata os pés e incluídas as mans. 			
<ul style="list-style-type: none"> ▪ As mulleres que usan o burka poden ir á praia co burkini. 			
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Taparse é un signo de respecto, mesmo na casa cando hai invitados. 			

 O uso do burka en Afganistán remóntase a comezos do século XX (1901-1919), para evitar que o rostro das mulleres dos haréns tentara os homes. Era unha vestimenta das mulleres de clase alta, que as diferenciaba do pobo. Nos anos 50 o seu uso xeneralizouse, aínda que seguía a ser unha prenda das clases acomodadas.

Analícen, en gran grupo, as seguintes afirmacións sobre o burka ou prohibicións do goberno talibán e debatan (recollan por escrito as súas conclusións):

- É lícito prohibir o uso do burka?
- É lícito obrigar as mulleres a usalo?

<ul style="list-style-type: none"> <p>"...as mulleres afgás sofren un holocausto de xénero desde que os talibáns asumiron o poder en Afganistán: son violentadas, humilladas, cegadas, golpeadas, excluídas, lapidadas..."</p> <p>[<i>The Times</i>, novembro de 2001]</p> 	
<ul style="list-style-type: none"> <p>"...É como un cárcere. Dá calor e illa. As mulleres non poden recoñecerse. Non poden usar lentes. É como se fosen case cegas. Os buracos do tecido deben ser mestos abondo, pois a algunhas pegáronlles por levalos demasiado malos. Para elas, a obriga de o levar foi un trauma, porque é humillante, dificulta todos os movementos e tamén ver..."</p> <p>[Sabira Mateen, dirixente da organización clandestina de mulleres afgás RAWA]</p> 	
<ul style="list-style-type: none"> <p>"O Goberno de centroesquerda holandés vai prohibir o uso do burka en escolas e centros oficiais. Tamén se impedirá portar niqab, outro tipo de veo que só deixa libres os ollos. (...) Con esta medida, o Goberno quere mellorar a comunicación cidadá":</p> <p>[<i>El País</i>, xaneiro de 2008]</p> 	
<ul style="list-style-type: none"> <p>"A española que elixiu levar o burka: María Galera. Adoptouno o primeiro día ao chegar a Afganistán. "Ninguén me obrigou. Elixino por seguridade; son estranxeira e corro perigo de secuestro", conta. Na decisión contou a opinión da familia política e a necesidade de acomodarse ao contorno: "Os sogros pedíronmo porque é signo de respecto, e creo que se vivo nun lugar onde a xente vai cun ollo tapado, debo tapalo para estar tranquila". O burka, di, non a fai sentirse menos libre. "Chegueime a afacer."</p> <p>[<i>El Mundo</i>, decembro de 2006]</p> 	
<ul style="list-style-type: none"> <p>É posible falar de igualdade entre homes e mulleres no mundo afgán? É legal a situación? É lexítima?</p> 	
<ul style="list-style-type: none"> <p>Que artigo ou artigos da Declaración de Dereitos se estarían a transgredir?</p> 	

- S6. A guerra e a intolerancia tamén destrúen o patrimonio cultural. Antes da invasión de Afganistán, en 2001, produciuse un atentado contra o Patrimonio da Humanidade, coa destrución dos budas xigantes de Bamiyan. Mais, que son os Xigantes de Bamiyán?

Terra. *Destrución de estatuas* . 3 de marzo de 2001

O réxime talibán destrúe os budas xigantes de Bamiyan

O movemento islámico Talibán que goberna Afganistán confirmou que destruíra amplas coleccións de estatuas e estaba demolendo anaco a anaco as famosas estatuas de Buda en Bamiyan.

Malia a indignación internacional, o ministro de Información e Cultura de Talibán, Qudratullah Jamal, informou de que varias decenas de "ídolos" de madeira e arxila foran destruídos en sitios históricos de Herat, Ghazni, Kabul e Jalalabad desde que comezaron as demolicións o pasado xoves. "Son fáciles de romper e non leva moito tempo", dixo. O líder dos Talibán, Mullah Mohamad Omar, ordenou que todas as estatuas de Afganistán fosen destruídas por consideralas contrarias ao Islam. Amigos e inimigos por igual reaccionaron arrepiados.

Jamal dixo aos reporteiros que o réxime talibán estaba enfascado en demoler anaco a anaco os dous maiores budas do mundo, tallados fronte a un barranco no pobo de Bamiyán. "Temos intencións de non deixar unha estatua en pé. A tarefa é agora destruír as estatuas de Bamiyan e descoñezoo canto se fixo ata o momento", engadiu.

O venres, fontes dixeron que Talibán usou morteiros e canóns contra as dúas estatuas de Bamiyán, no centro do Afganistán, desafiando protestas e presións diplomáticas.


A India cualificou a planeada destrución de "regresión ao barbarismo medieval". Rusia cualificou a medida de "vandalismo". Irán, que ten tensas relacións con Kabul, dixo que os monumentos son parte "da herdanza cultural e nacional do país e pertencen á historia da civilización da rexión, na que toda a humanidade ten unha participación".

A base do problema

Paquistán, un dos tres únicos países, xunto a Arabia Saudita e os Emiratos Árabes Unidos, que recoñecen o goberno do Talibán, e a budista Sri Lanka emprenderon novas iniciativas encamiñadas a disuadir o movemento islámico radical. Un enviado das Nacións Unidas advertiu ao Talibán que de seguir adiante cos seus plans a reacción sería devastadora. O subsecretario xeral e xefe da misión especial da ONU en Afganistán, Francesc Vendrell, dixo que nunha reunión de tres horas celebrada o xoves en Kabul advertiu ao ministro de Relacións Exteriores do Talibán, Wakil Ahmad Muttawakil, que enfrontaría a ira do mundo. "Transmitinlle as extremadamente graves preocupacións do secretario xeral, da comunidade internacional", dixo Vendrell nunha entrevista con Reuters en Islamabad ao seu regreso dunha serie de reunións na embaixada do Talibán alí.

Afganistán, sitio de paso na histórica Ruta da Seda, ten un pasado cultural único de mestura de tradicións orientais e occidentais, con estatuas que combinan tradicións budistas e gregas.

[<http://www.terra.es/actualidad/articulo/html/act18349.htm>]

	Datos	Características
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Obra artística 	Budas de Bamiyán
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Cronoloxía 	Séculos III e IV
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Localización 	A 130 quilómetros de Kabul, na Ruta da Seda.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Medidas 	55 e 36'5 metros de alto

- Conteste ás seguintes cuestións.

<ul style="list-style-type: none"> ▪ Quen é Buda? 	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Cite cinco principios do Islam. 	

<ul style="list-style-type: none"> ▪ Por que destrúen as estatuas? 	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Distintas posicións das institucións e potencias mundiais. 	

- Tendo en conta os principios do Islam, é comprensible a destrución dos budas xigantes? Que o podería xustificar?

S7. Para rematar a secuencia de actividades dedicadas a Afganistán, pódense ver total ou parcialmente os seguintes vídeos e películas.

- [http://es.youtube.com/watch?v=y1Q0E_m_xZQ]. Historia do budismo.
- [<http://es.youtube.com/watch?v=J4O1gAjjfws>]. Vídeo sobre os budas de Bamian (subtitulada en inglés e texto en árabe).
- Película *Buda az sharm foru rikht* [*Buda estoupou por vergoña*], de Hana Makhmalbaf. India, 2007.

Actividades sobre os dereitos humanos: artigo 3

S8. Lea os dous documentos que seguen. Neles pódese analizar a precaria situación en que viven moitos seres humanos no mundo, nomeadamente os nenos. A seguridade e a vida non están garantidas en todos os recunchos do planeta.

Nas rúas de Brasil atopamos os *meninos da rúa*, nenos abandonados que viven nos sumidoiros das grandes cidades, sobrevivindo grazas ao roubo, aos asasinatos por cartos, ao tráfico de droga...

"O chío dos freos rompeu o silencio da madrugada no suburbio carioca. As portas do coche abríronse, e dous nenos negros, descalzos e semiespidos, baixáronse e comezaron correr ás presas, coas mans atadas ás costas con arames. Non chegaron moi lonxe; catro homes baixaron axiña do automóbil e descargaron as súas armas sobre eles. Antes de volveren ao vehículo, os verdugos achegáronse aos corpos pequenos e esmirrados e puxéronlles nas mans cadansúa folla de papel. Enseguida, o coche partiu e o silencio volveu reinar no suburbio, só interrompido polos xemido dunha das vítimas.

Ao despuntar a alba, os veciños atoparon un só cadáver infantil e, nas súas mans, esborrachado en rudimentaria caligrafía, un letreiro que explicaba: *Estou morto porque son un ladrón e xamais ía deixar de selo.*

Quen relatou o crime foi a outra vítima, Gerson Antonio da Silva, quen, milagrosamente vivo, con dúas balas no tórax e unha na cabeza, logrou fuxir e camiñar cinco quilómetros ata alcanzar un hospital. Ocorreu hai pouco máis dun ano (...)

Gerson é un dos sete millóns de menores abandonados que, segundo as estatísticas do Goberno, viven nas rúas e prazas das grandes metrópoles brasileiras, onde sobreviven coidando vehículos, asaltando viandantes, lustrando zapatos, pedindo esmola ou prostituíndose. É analfabeto, ten 13 anos e hai sete que vive na rúa: *Non, non teño medo; eu sei que o meu destino é vivir pouco e acabar cunha bala na caluga. Se non é a policía, será o escuadrón da morte ou os tipos do po (traficantes de cocaína).*

Con escasas variantes, a súa historia reproduce a de tantos outros. Cando tiña tres anos, a súa nai levouno da favela (barrio de chabolas) onde vivía con sete irmáns a vender lambonadas ao centro de Río de Janeiro".

Ricardo Soca. *El País*

Tamén están os *garimpeiros*, buscadores de pedras preciosas de Brasil, obreiros mineiros que viven en condicións infrahumanas, empregando pesada maquinaria e produtos perigosos como o mercurio, especialmente na Amazonía.

Os buscadores de ouro asasinan salvaxemente a 40 indios na selva brasileira

Se a vida humana vale pouco en Río de Xaneiro, unha cidade convertida en campo de batalla por policías, narcotraficantes e os sinistros escuadróns da morte, que non dicir da selva amazónica, terra sen lei onde centos de aventureiros na procura do ouro, os *garimpeiros*, se disputan palmo a palmo as terras dos indios ianomami?

A menos dun mes da matanza de sete *nenos da rúa* perpetrada por policías en Río de Xaneiro, unha nova atrocidade sacode a opinión pública brasileira: o asasinato, o domingo pasado, a mans dun grupo de *garimpeiros*, de 40 indios ianomami na ignota aldea Hoximu, preto da fronteira con Venezuela. Dous aterrados indíxenas que lograron escapar da matanza describiron a saña dos buscadores de ouro: logo de matar a balazos os adultos, separaron os nenos e degoláronos cos seus coitelos de monte.

Preocupado pola repercusión internacional da matanza, o presidente brasileiro, Itamar Franco, anunciou a súa decisión de viaxar ao Estado de Roraima, onde está a aldea Hoximu, para coñecer persoalmente a marcha da operación de procura dos verdugos, que aínda non foron nin sequera identificados.

O ministro de Xustiza, Mauricio Correa, un antigo militante polos dereitos humanos, que se dispuña a viaxar onte á zona da traxedia, asegurou que a Operación Selva Libre, dirixida a retirar os buscadores de ouro das terras ianomami, continúa en marcha. Con todo, sábese que uns seiscentos *garimpeiros* continúan actuando nesa rexión selvática, cuxas increíbles riquezas minerais atraeron nas últimas décadas o home branco, cos seus estraños costumes, novas enfermidades e unha violencia descoñecida ata entón, que rompeu o acougo secular dos pacíficos ianomami. O 15 de novembro e 1991, o entón presidente Fernando Collor de Mello anunciou a demarcación do territorio dos ianomami, unha rexión de 94.000 quilómetros cadrados, de luxuriante vexetación tropical e un subsolo rico en ouro, diamantes, bauxita, zinc, cobre e uranio, onde habitan uns dez mil indíxenas.

A semana pasada, a Fundación Nacional do Indio, entidade estatal que protexe os indíxenas brasileiros, recibiu denuncias segundo as cales outros cinco ianomami foron asasinados por *garimpeiros* en territorio venezolano. A finais de xuño, catro indios morreron a mans destes mineiros preto da pequena pista aérea Sadam Husein, que eles mesmos construíron no medio da selva para as súas pequenas avionetas. Foi nese mesmo lugar onde, fai dous anos, os ousados buscadores de ouro resistiron a balazos aos homes da Policía Federal, que viñan desaloxalos.

O presidente da Funai, Claudio Romeu, pediu o mércores auxilio ao exército e á policía federal, que contestou que non ten recursos para vixiar a xigantesca selva amazónica. Os militares, á súa vez, obsesionados pola seguridade desa selvática fronteira e preocupados polas manobras militares norteamericanas na veciña Colombia, ven con simpatía a presenza dos *garimpeiros*. Son, como os escuadróns da morte de Río de Xaneiro, un mal menor."

Ricardo Soca. *A vinganza dos garimpeiros*. El País. 20-08-1993

- Logo de lidos os documentos, describa como é a vida dos nenos (das cidades) e dos grupos indíxenas (amazónicos) do Brasil.

- Vida en Río de Janeiro

Vida na selva amazónica	<ul style="list-style-type: none"> Garimpeiros 	
	<ul style="list-style-type: none"> Indios anomami 	

- S9. Lectura dalgún capítulo do libro *Samba para un “Menino da Rúa”*, de Gabriel Janer Manila (Ed. Edebé, Serie Nómadas nº 9). Nel nárrese a vida das favelas, das miserias das rúas das grandes cidades de Brasil, e o pouco valor da vida humana.

Actividades sobre os dereitos humanos: artigo 4

- S10. Escoiten a música en grupo e traballen individualmente co cuestionario da canción de SKA-P, *Hijos bastardos de la globalización*. Os fillos bastardos da globalización son eses nenos explotados polas multinacionais na China. Complete o cuestionario.

- Letra: [<http://www.musica.com/letras.asp?letra=1414237>]
- Vídeo: [<http://es.youtube.com/watch?v=1UsZQBi6rIk>]. Só a música.
- Fotografía: [http://es.youtube.com/watch?v=h0_v3PqvuyPY]

<p>Comienza mi jornada cuando sale el sol Tengo 12 años, vivo en la desolación acá en otra dimensión Mis pequeñas manos son la producción de miles de juguetes con los que podrán jugar allá niños como yo</p> <p>Víctimas reales de un juego demencial la economía de mercado busca carne fácil de explotar La macro producción que nos ofrece bienestar son millones de niños de esclavos, son niños esclavos, condenados</p> <p>NO SÉ LO QUE ES GLOBALIZACIÓN NO SÉ LO QUE SON DERECHOS HUMANOS SOLO SOY UN ESLABÓN, UNA PIEZA MÁS DE UN PUZZLE MACABRO</p> <p>NO SÉ LO QUE ES GLOBALIZACIÓN NO SÉ LO QUE SON DERECHOS HUMANOS SOLO SOY UN ESLABÓN, LA IRA DE TU DIOS.</p> <p>Con indiferencia les puedes contemplar como máquinas robotizadas produciendo sin parar es un claro ejemplo más de cual es el dios que hay que adorar el fin justificará los medios ante el dios dinero, dios dinero</p>	<p>NO SÉ LO QUE ES GLOBALIZACIÓN...</p> <p>Condenados, explotados</p> <p>¿Te escondes? dime por qué! ¿te avergüenzas? dime por qué!</p> <p>Cómo cambiaría completamente la situación si fuese a tu hijo a quien dedicase ésta canción no tiene amparo, a nadie le interesa al bolsillo, a los beneficios de la empresa En occidente su llanto no se siente el sufrimiento y la apatía no se ven las leyes son dictadas por la gran empresa</p> <p>Condenados, explotados</p> <p>Son hijos bastardos de la globalización Te importa a ti, me importa a mí, son hijos bastardos de la globalización</p> <p>Te importa a ti, me importa a mí, ejércitos de esclavos de la puta globalización</p> <p>Prosigue mi jornada, ya se pone el sol Tengo 12 años, vivo en la desolación acá en otra dimensión</p>
<p>Ska-P. <i>Los hijos bastardos de la globalización (Lágrimas y gozos)</i></p>	


Cuestionario		
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Defina 	<ul style="list-style-type: none"> – Bastardo 	
	<ul style="list-style-type: none"> – Deus diñeiro 	
	<ul style="list-style-type: none"> – Macroprodución 	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Expoña as ideas principais da canción 		
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Este neno podería vivir en Galicia e traballar á súa idade? Por que se permite o traballo infantil nos países desenvolvidos ou en vías de desenvolvemento? 		
<ul style="list-style-type: none"> ▪ De que están privados os nenos dos países do terceiro mundo? 		
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Explique a frase: <i>As miñas pequenas mans son a produción de miles de xoguetes cos que poderían xogar nenos coma min.</i> 		
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Cantas horas traballa o protagonista da canción? 		
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Que actitude adoptamos os cidadáns do primeiro mundo ante estas situacións? Por que nos resulta tan doado manternos á marxe, segundo a canción? 		


- Inicien deseguido un debate en gran grupo en torno ás súas conclusións persoais sobre o contido da canción e sobre que dereitos humanos se transgreden no trato a eses nenos e nenas. Recolla aquí as conclusións

--


S11. Xa falamos que en 1959 a Asemblea Xeral das Nacións Unidas proclamou a Declaración Universal dos Dereitos dos Nenos e das Nenas. Que dereito reflecte cada unha destas imaxes? Poña un exemplo de violación de cada un.

[<http://www.milmilenios.org.ar/declaracionuniversalDN1959.htm>]

	
Artigo	Exemplo

	
Artigo	Exemplo

	
Artigo	Exemplo

	
Artigo	Exemplo



Artigo

Exemplo



Artigo

Exemplo



Artigo

Exemplo



Artigo

Exemplo



Artigo

Exemplo



Artigo

Exemplo

- S12.** Unha das tarefas máis importantes dos adultos e ensinar os cativos a respectaren os dereitos humanos. Analicen e debatan sobre a seguinte frase.

"Como podemos esperar que os cativos, pícaros e adolescentes tomen os dereitos humanos en serio e axuden a construír unha cultura de dereitos humanos, entanto que nós, os adultos, non só persistimos en darlles labazadas, zurralos, golpealos e azoutalos, senón que de feito defendemos esta violencia dicindo que é *polo seu propio ben*?"

Golpear os nenos non é soamente unha lección de mal comportamento; é unha poderosa demostración de desprezo polos dereitos humanos de persoas máis pequenas e máis febles?"

Thomas Hammarberg, Comisionado de Dereitos Humanos do Consello de Europa, 2006.II

Actividades sobre os dereitos humanos: artigos 5 e 7

- S13.** Segundo o artigo 5 da Declaración dos Dereitos Humanos ningunha persoa debe ser sometida a torturas, nin a penas ou tratos crueis, inhumanos ou degradantes. Tamén o artigo 7 garante a protección de todos ante a lei. Todos os días podemos ler noticias de transgresións contra estes artigos. Analicemos un exemplo.

A policía (Scotland Yard) faise responsable pola morte de Menezes

Sir Paul Stephenson dixo que agora se tomarán un tempo para considerar as implicacións dunha indagación con xurado, que ditaminou que a acción da policía non pode ser catalogada de "morte lícita" e no seu lugar emitiu un veredicto inconcluso.

De Menezes, un electricista que vivía e traballaba en Londres, morreu de sete disparos na cabeza realizados por un policía dentro dun vagón de metro na estación de Stockwell, no sur da capital británica, o 22 de xullo de 2005, o día seguinte de que uns atacantes suicidas tentasen atacar a rede de transportes.

Erros de comunicación e confusión entre os axentes de vixilancia fixeron que cresen que era un dos atacantes. O xurado tamén ditaminou que os policías que lle dispararon non berraron unha advertencia anterior, como eles mesmos afirmaran.

"Oímos as conclusións do xurado e agora necesitamos tomarnos un tempo para consideralas como correspondente", dixo Stephenson aos xornalistas.

"Tamén teño en conta as intencións do xuíz de instrución de preparar un informe cos seus recomendacións para toda outra medida que necesitemos tomar", agregou.

Dixo que a morte era unha traxedia e reiterou as desculpas polo sucedido.

"Debemos aceptar completa responsabilidade pola súa morte, e iso facemos", dixo. "Dados os enormes retos que enfrontaban os oficiais ese día, cometemos gravísimos erros. Síntoo".

"Moi contenta"

O xuíz de instrución Michael Wright ditaminara que o xurado non podía emitir un veredicto de homicidio ou asasinato, o que levou a que varios membros da familia saísen da sala e dixesen que apelarían a decisión nos tribunais.

A Fiscalía tamén decidiu que non se presentarían cargos penais contra os oficiais, aínda que a Policía Metropolitana como organización foi declarada o ano pasado culpable de violar as leis de saúde e seguridade.

A familia tamén quere que a Fiscalía reconsiderese esta decisión.

"Estou moi contenta co veredicto de hoxe", dixo a nai, María Otone da Menezes, nun comunicado. "Desde o momento no que o forense descartou a opción de morte ilícita sentíame moi mal, pero hoxe sintome renacida".

Stephenson dixo que a policía se enfrontaba a un reto sen precedentes e o día en cuestión estaba perseguindo a catro individuos que fuxiran tras cometer un atentado suicida que fallou. Dixo que a prioridade dos axentes era apresar a estes individuos antes de que cometesen un "asasinato en masa."

Paul McKeever, presidente da Federación Policial de Inglaterra e Gales, que representa os axentes, dixo que é importante recordar que tiñan que tomar decisións nunha fracción de segundo.

"Os oficiais implicados neste incidente creron que as súas accións eran proporcionadas e necesarias, baseándose na a información da que dispoñían nese momento". "Expuxeron as súas vidas pola comunidade á que serven. Os oficiais de policía no lugar deron mostras dunha gran valentía

Yahoo noticias. 12 de decembro de 2008

- Conteste ás seguintes cuestións:

<ul style="list-style-type: none"> ▪ En que país tivo lugar a morte de Menezes? É un país desenvolvido ou subdesenvolvido? 	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Que ocorreu a véspera de Menezes en Londres? 	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Xustifica os acontecementos da véspera a actitude da policía? Por que? 	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ A quen lle deu a razón a xustiza? 	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Que é unha “morte lícita”? 	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Existe en Europa algún país no que se recoñeza a pena de morte? 	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Coñece países desenvolvidos coa pena de morte como pena para delitos capitais? 	

- Defina os seguintes termos do artigo:

<ul style="list-style-type: none"> ▪ Veredicto 	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Xurado 	

<ul style="list-style-type: none"> ▪ Sir 	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Xuíz 	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Fiscalía 	

Actividades sobre os dereitos humanos: artigo 15

- S14.** Os saharauís son os habitantes autóctonos do Sahara Occidental. A maior parte deles vive nos territorios saharauís ocupados por Marrocos, entanto que outros viven exiliados nos campamentos de refuxiados nas areas de Tinduf. Hai un terceiro colectivo que emigrou e reside en España, Francia, Mauritania e Malí.



O Sáhara Occidental foi colonia española desde que a finais do século XIX se acharon minas de fosfato. Ata 1974 os nados nestes territorios tiñan a nacionalidade española, mais cando o 26 de febreiro de 1976 España abandona o Sahara Occidental comeza o camiño sen fin para este pobo. Na actualidade débátese entre formar parte de Marrocos ou ser recoñecida como un estado independente.

- Localice na sopa de letras termos que fagan referencia á historia deste pobo e ás súas dificultades para sobrevivir. Reescribaos na táboa seguintes.

S	C	X	V	C	A	M	E	L	O	S	A
J	A	I	M	A	D	F	G	I	J	K	I
F	R	A	W	M	F	K	R	T	Y	U	L
D	A	S	R	P	R	J	T	Y	R	E	J
A	V	D	S	A	H	A	R	A	W	Q	F
T	A	T	T	M	Y	Y	S	A	F	J	Y
V	N	U	R	E	F	U	X	I	A	D	O
H	A	I	U	N	U	T	S	U	E	R	T
A	S	O	I	T	P	R	G	N	Y	T	R
S	R	P	O	O	O	E	E	R	B	N	M
E	T	Ñ	P	S	I	R	O	C	O	S	D
D	R	W	D	S	Ñ	W	F	R	T	H	U
G	S	Q	G	A	K	S	S	A	E	T	R
T	W	A	R	D	H	D	C	V	N	J	M
R	E	R	R	E	D	F	R	T	Y	U	I
P	O	L	I	S	A	R	I	O	Z	X	C
E	S	D	R	E	T	Y	U	R	T	R	P
W	S	D	R	R	T	Y	J	K	U	I	O
Q	D	E	R	T	R	R	T	T	Y	U	W
R	T	E	S	O	S	C	A	B	R	A	S
S	A	E	R	T	U	I	O	P	Ñ	M	J

<ul style="list-style-type: none"> ▪ O deserto máis grande do mundo. 		<ul style="list-style-type: none"> ▪ Movemento militar político rebelde do Sahara Occidental. 	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Tenda de campaña dos pobos nómades. 		<ul style="list-style-type: none"> ▪ Mamífero artiodáctilo gregario, moi abundante nestes territorios. 	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Vento mediterráneo. 		<ul style="list-style-type: none"> ▪ Cidade máis importante do Sahara Occidental. 	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Terreo árido. 		<ul style="list-style-type: none"> ▪ As naves do deserto (animal). 	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Infusión ou planta. 		<ul style="list-style-type: none"> ▪ Persoas que viaxan xuntas cos seus transportes, especialmente polos desertos e despoboados. 	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Persoa que se atopa fóra do seu país de nacionalidade. 		<ul style="list-style-type: none"> ▪ Terreo aberto para estadias provisionais das persoas que van de camiño ou se reúnen. 	



Desde hai décadas, os nenos do Sahara Occidental viaxan polo mundo, na procura de educación, atención sanitaria, alimentación digna, auga... Durante os veráns moitas familias galegas acollen a estes nenos para proporcionarles unha atención digna.

- Busque información en internet ou investigue no seu contorno se hai algunha familia de acollemento. Logo faga unha redacción, en primeira persoa, como se vostede fose un deses nenos ou nenas. Que impresión lle causan estas terras? Que é o que máis lle sorprende? Que é o que máis lle gusta? E o que menos?

Actividades sobre os dereitos humanos: artigo 18

S15. *Representación teatral.* Sócrates (470-399 a.C), filósofo ateniense, aínda que foi un home de fortes conviccións relixiosas e moi patriotas, foi acusado de desprezar os deuses e corromper a moral da xuventude ateniense.

O profesor ou a profesora, de acordo co alumnado, repartirán os papeis da obra teatral (os actores secundarios poden ter varios). O resto colaborará na ambientación da aula. Logo prepararase durante 15 minutos e rematarase coa representación.

Actor I: No ano 399 a. C. un home foi xulgado en Atenas por dicir o que pensaba...

Actor II: Chamábase Sócrates e ...

Actor III: Era fillo dun escultor-canteiro e dunha comadroa.

Actor IV: Estaba casado con Xantipa e tiñan tres fillos.

Actor V: O xuízo de Sócrates abre o prólogo da aventura de conquistar a liberdade do home.

Actor VI: Aínda non conseguida dous mil trescentos anos despois...

Actor VII: A luminosa aurora na que se inicia a nosa historia é tamén a do negro día en que, para vergoña de todos nós, inaugourouse o longo proceso da humillación do home.

ANITOS.- Eu si podo dicir o que tentaches facer, "reformular as leis da cidade." E iso non se pode tolerar...

SÓCRATES.- Ah, non? E por que? As leis da natureza son inalterables e non poden violentarse sen perigo; á hora de obrigarnos a respirar, a natureza non distingue entre gregos e non gregos... Pero as leis humanas... Que queres facer cando esas dúas clases de leis entran en colisión? Só hai unha cousa posible, Anitos... Reconsiderar as nosas.

ANITOS.- Ti non podes discutir as leis de Atenas.

SÓCRATES.- Claro que podo. Eu debo someterme, no meu comportamento, á vontade da comunidade: é dicir, á lei. Pero son absolutamente libre para opinar o contrario e para tratar de cambiar esa lei. Ese foi o humanismo de Pericles, e iso é o que eu quero nomear coa palabra "democracia".

ANITOS.- Ten moito coidado co que vas dicir.

SÓCRATES.- Por que? Estou a defender o meu dereito a pensar e nesa materia, como en moitas outras, o problema da liberdade non consiste en conseguir un bo amo senón en non ter ningún... Este asunto si que está ben claro para min... Atenienses... Anito dixo que ou eu "non merecía estar aquí" ou xa que comparecera ante vós "era necesaria a miña morte porque se me deixades libre corromperí aos vosos fillos e perderédelos". Está ben. Si me dixédes: "Sócrates, non queremos crer a acusación de Anitos. Ímoste declarar inocente, pero cunha condición: que non sigas filosofando, que non poñas os homes a proba e que non fales... Porque se falas, matarémote". Agora... quero que isto quede claro, eu diríavos: "Cidadáns de Atenas... Grazas! pero mentres poida respirar penso seguir filosofando, penso seguir discutindo e penso dicirvos unha e outra vez: Atenienses! Sodes fillos dunha cidade sabia e forte... Non vos dá vergoña pensar soamente na gloria e na riqueza persoal?"...

ANITOS.- (*Interrompendo*) Leccións non, Sócrates! Ensinaches a desprezar a lei. Inculcaches aos teus discípulos un espírito antidemocrático falseando as interpretacións tradicionais dos nosos máis grandes poetas. Xa é bastante! Non pretendas corrompernos a nós. E non trates de presentarte como un moralista. Temos que borrar de Atenas ata o recordo do teu nome.

SÓCRATES.- Está claro, atenienses, que non son culpable dos crimes de que se me acusa. Tan claro como que son unha vítima do odio, a calumnia e a envexa.

ARCONTE.- Despois de Méleto e de Anitos.

ANITOS.- Vivirán outros homes.

MELETO.- Que farán perecer a moitos seres humanos.

TODOS.- Por pensar!

PLATÓN.- Este non vai ser o único proceso do seu xénero.

FEDÓN.- Dígovos que a idea gustará.

SIMMIAS.- E que haberá moitas máis.

CRITON.- Moitísimas máis.

TODOS.- Víctimas.

Enrique Llovet: *Xuízo a Sócrates*. Revista 1º Acto, nº 51.


<ul style="list-style-type: none"> ▪ De que acusan a Sócrates? 	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Como acabou a súa vida? 	

- Grecia está considerada como o berce da democracia (gobierno do pobo). Eran verdadeiramente libres os homes? Describa o seu réxime político brevemente.

- Busque información ou novas xornalísticas sobre algún caso en que o artigo 18 da Declaración Universal dos Dereitos Humanos non fose respectado.

Actividades sobre os dereitos humanos: artigo 19

S16. Lea esta información antes de realizar as actividades.



O *corrido* é unha forma musical e literaria da área cultural mestiza mexicana, derivado do romance español do século XVIII. Mantén unha estrutura clara, cunha presentación ou prólogo da historia, un desenvolvemento da anécdota e unha sentenza ou despedida do cantor. En realidade, era unha forma de transmitir oralmente as noticias do pobo.

Nos estados do norte e entre os músicos hispanos, procedentes das comunidades latinoamericanas dos EEUU, xurdiu unha variante coñecida como *narcocorridos*. Neste caso, as composicións non buscan moralizar o tema do narcotráfico, senón detallar as vivencias típicas dos seus protagonistas, aínda que algunhas pezas lles atribúen virtudes para o desempeño das súas actividades ilícitas: valentía, sagacidade, temeridade...

A novela de Arturo Pérez Reverte, *La Reina del Sur*, inspirouse nun destes narco-corridos, *Camelia la Texana* de Los Tigres del Norte. O grupo quixo agradecerllo compoñendo un corrido en homenaxe á novela.

"Un país como México enténdese mellor por Os Tigres do Norte que polos máis sisudos intelectuais ou os novelistas de máis éxito. Este país ten unha realidade tenra e violenta, dura e familiar, tráxica e feliz, e o *corrido* e o *narcorrido norteño* é o que o define. Elmer Mendoza e eu somos pinches escritores que precisamos 500 páxinas para contar o que os Tigres do Norte contan en tres minutos e medio."

Arturo Pérez Reverte

La reina del sur

Voy a cantar un corrido, escuchen muy bien mis compás, para la reina del sur, traficante muy famosa. Nacida allá en Sinaloa, la tía Teresa Mendoza.

El guero le dijo a Tere, "te dejo mi celular, cuando lo escuches prietita, no trates de contestar, es porque ya me torcieron y tu tendrás que escapar".

El guero Davila era piloto muy arriesgado, el cartel de ciudad Juárez le hizo muchos mandados, en una avioneta Cessna, en la sierra lo mataron.

Dijo Epifanio Vargas "Teresa vas a escapar, tengo un amigo en España, allá te puede esperar, me debe muchos favores y me tendrá que ayudar".

Cuando llego a Melilla, luego le cambio la suerte, con D. Santiago Fistera juntaron bastante gente, comprando y vendiendo droga para los dos continentes.

Manolo Céspedes dijo "Teresa es muy arriesgada, le vende droga a Francia, a África y también a Italia, hasta los rusos le compran, es un tía muy pesada".

"Supo aprender el acento que usan por toda España, les demostró su jerarquía como la mas noble dama, a muchos les sorprendió teresa la mexicana, a veces de piel vestía, de su tierra se acordaba, con botas de cocodrilo y de avestruz la chamarra, usaba cinto piteado, tequila cuando brindaba".

Era la reina del sur, allá en su tierra natal, teresa la mexicana del otro lado del mar, una mujer muy valiente que no la van a olvidar.

Un día desapareció Teresa la mexicana, dicen que esta en la prisión, otros que vive en Italia, en California o Miami de la unión americana.

Camelia la Texana

Salieron de san isidro
prosedentes de tijuana traían
las llantas del carro repletas de llerba mala
eran emilio barela y camelia la tejana,
pasaron por san clemente
los paro la inmigración

les pidió sus documentos les dijo de donde son
ella era de san antonio
un hembra de corazón

un hembra así quiere un hombre
por el puede dar la vida

pero hay que tener cuidado si esa hembra se siente herida
la traición y el contrabando
son cosas incompartidas

a los anjeles llegaron a Hooliwod se pasaron
en un callejon oscuro las cuatro llantas cambiaron
hay entregaron la yerba y ahí también les pagaron
emilio dice a camelia hoy te das por despedida
con la parte que te toca tu puedes reaser tu vida
yome voy p'a san francisco

con la dueña de mi vida
sonaron 7 balasos camelia, emilio mataban
la policía ya solo ayo una pistola tirada

del dinero y de camelia nunca más se supo nada.

Los Tigres del Norte. Álbum: *La Reina del Sur*

- Cal é o tema de cada un dos corridos?

--	--

- Os narcocorridos fan unha defensa dos narcotraficantes ou limítanse a describir un acontecemento? Xustifique a súa resposta.



Hoxe os corridos contan as historias de heroes anónimos que morren en mans da policía fronteiriza ao intentar cruzar cara aos Estados Unidos, dos que caen cun cargamento de contrabando ou de drogas, ou as historias dos que a trafican. As autoridades acusan os narcocorridos de idealizar esas vidas.

- Debatan na aula se debería prohibirse a difusión dos narcocorridos. A súa temática atenta contra os dereitos humanos? A súa prohibición non sería tamén un incumprimento dos dereitos humanos? Escriba as súas conclusións.

- Observe as seguintes imaxes e intente pórllas un título (como se de un narcocorrido se tratase) para explicar logo a que problemas da historia recente de México fan referencia (Debuxos Chechu Rodríguez, H. Rodríguez e P. F. Casal).



- S17. Nesta pintura mural de 1980, en Saint-Josse-ten-Noode (Bélxica), o autor reflectiu nos textos e na imaxe o pensamento dos artigos 18 e 19 da Declaración Universal. Interprete a imaxe.

	<ul style="list-style-type: none"> Soporte arquitectónico do mural:
	<ul style="list-style-type: none"> Describa a imaxe:
	<ul style="list-style-type: none"> Cal é a mensaxe?

Actividades sobre os dereitos humanos: artigo 26

- S18. Lea o seguinte cuestionario e logo vexa o documental *Binta e a gran idea* da película *En el mundo a cada rato* (Unicef, 2005).

- [<http://es.youtube.com/watch?v=RHu5ccz1f7s&feature=related>] (1ª parte)
- [http://es.youtube.com/watch?v=C6xzYs4N_cY&feature=related] (2ª parte)
- [http://es.youtube.com/watch?v=fCv_VRT4Oew&feature=related] (3ª parte)
- [<http://es.youtube.com/watch?v=3wBr1TpRoe8&feature=related>]

	<p>Ziguinchor</p>	<ul style="list-style-type: none"> Situación 	<ul style="list-style-type: none"> Senegal (Dakar) Rexión natural: Casamance Rexión administrativa: Ziguinchor Río: Casamance (70 Km do Atlántico)
		<ul style="list-style-type: none"> Poboación 	<ul style="list-style-type: none"> 153 269 (censo de 2001). Viven en cabanas de adobe.
		<ul style="list-style-type: none"> Economía 	<ul style="list-style-type: none"> Aceite de cacahuete.
		<ul style="list-style-type: none"> Historia 	<p>A cidade foi fundada polos portugueses no ano 1645 e crese que o nome derivaría da expresión lusa "Cheguei e Chorram", xa que se fundou como establecemento para o comercio de escravos. No 1888 Portugal vendeuna a Francia, que a integrou como parte do Senegal. Tubab á a palabra coa que en África Occidental e en África Oriental se denomina aos homes brancos.</p>

- Responda ás seguintes cuestións.

<ul style="list-style-type: none"> ▪ Que se pode aprender dos paxaros segundo o pai de Binta? 			
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Cales son as vantaxes de Europa respecto a África, segundo a visión de Souleyman, amigo do pai de Binta? 			
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Que lles ensinan aos nenos nas escolas africanas? 			
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Por que os nenos van á escola e as nenas non? 			
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Que quere sen Binta de maior? 			
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Fatu, a nai de Soda, recolle froitos e véndeos. Que problemas lle ocasiona non ter ido á escola? (encontro co camioneiro) 			
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Cal é o percorrido que fai o pai de Binta coa carta? 	Subprefecto		
		Bignona (capital da rexión natural)	<i>É unha boa idea pero escapa das miñas competencias</i>
		Ziguinchor (Capital da rexión administrativa))	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Cal é o gran problema de Senegal, para o pai de Binta, se seguen o camiño de Europa? 			
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Cal é gran idea de Sabu Diatta, pai de Binta? 			

- Como reparten as tarefas homes e mulleres no documental?

Tarefas da muller	Tarefas do home

S19. Observe estas imaxes: unhas reflicten unha escola nunha illa de Titora, do Lago Titicaca (fronteira Perú-Bolivia) e a outra é unha das nosas aulas.

	
	
<p>Escola infantil. Illa de Titora. Lago Titicaca Fonte: Montse R. Paz</p>	<p>Práctica de fundición. Bacharelato de arte Fonte: Javier Diz</p>

- Atope as semellanzas e as diferenzas (empregue como modelo comparativo a súa propia aula).

Semellanzas	Diferenzas

S20. Analice as seguintes noticias de prensa e indique que artigo da Declaración dos Dereitos Humanos se están a transgredir (T) ou a respectar (R).

Noticias	Artigos	
<ul style="list-style-type: none"> "Uns mozos agriden un condutor". Un grupo de viaxeiros agrediu e insultou a madrugada do sábado un condutor de autobús da Empresa Municipal de Transportes (EMT) que os increpou por subir ao vehículo sen pagar". (6/12/2008) 	T	
	R	
<ul style="list-style-type: none"> "O Goberno de Zimbabue pediu axuda internacional e decretou estado de emerxencia por epidemia de cólera, que causou centos de vítimas e que levou a comunidade internacional a frustrar de novo o réxime de Mugabe." (6/12/2008) 	T	
	R	
<ul style="list-style-type: none"> "Os piratas somalís secuestran nas últimas 24 horas tres cargueiros nas augas do golfo de Adén". 	T	
	R	
<ul style="list-style-type: none"> "Deteñen en Val do Dubra o asasino da moza italiana desaparecida en Ourense hai unha semana". 	T	
	R	
<ul style="list-style-type: none"> "O exército tailandés negou preparar un golpe de Estado, tras quedar Bangkok illado por aire polas manifestacións antigubernamentais. O goberno di que declarará estado de excepción e que moveu tanques por razóns estratéxicas" (28/11/08) 	T	
	R	

Actividades sobre os deberes da cidadanía

S21. Como xa dixemos, hai deberes de imposición (que obrigan a cumprir normas para a convivencia), de compromiso (que derivan dunha promesa que se fixo libremente) e de proxecto (o que debemos facer para lograr un obxectivo que nos marcamos previamente: estariamos a falar tamén dos deberes éticos).

- Indique, cunha cruz, se as seguintes afirmacións se refiren a deberes de imposición (I), compromiso (C) ou proxecto (P)

Deberes	I	C	P
<ul style="list-style-type: none"> Debo respectar os pasos de peóns. 			
<ul style="list-style-type: none"> Prometinlle á miña nai que pasaría pola farmacia a recoller os seus medicamentos. 			
<ul style="list-style-type: none"> Teño que sentar a facer a Declaración da Renda. 			
<ul style="list-style-type: none"> Cando imos no coche debemos pór sempre o cinto de seguridade. 			
<ul style="list-style-type: none"> Luísa está tramitando a licenza de primeira ocupación da súa casa, ten que falar co seu arquitecto para que faga os arranxos acordados. 			
<ul style="list-style-type: none"> Cando vou no autobús debo deixar sentar ás persoas que teñen dificultades para ir ende pé. 			
<ul style="list-style-type: none"> Asegúreille a María que a chamaría para tomar un café antes de que remate a semana. 			

S22. Pensa que é tamén un deber intentar lograr un mundo mellor e máis xusto? Debátalo cos seus compañeiros e escriba as conclusións.

--

S23. O Artigo 29 da Declaración Universal dos Dereitos Humanos, ao contrario dos 28 anteriores, non recoñece un dereito, senón un deber: *Toda persoa ten deberes respecto da comunidade, posto que só nela pode desenvolver libre e plenamente a súa personalidade.* Cite dez deberes que considere vostede que ten como cidadán.

Orde	Entre os meus deberes como cidadán ou cidadá están...
1	
2	
3	
4	
5	
6	
7	
8	
9	
10	

2.2 A loita das mulleres pola igualdade

Algúns historiadores destacan que a situación de asoballamento da muller é case tan antiga como a propia humanidade. Foi a partir da Revolución Francesa de 1789 cando se comezou a reivindicar a igualdade de dereitos. Pero non foi ata finais do século XIX cando as mulleres se organizaron e iniciaron a loita pola igualdade de dereitos civís, nos chamados *movementos sufraxistas*.

No século XX orixinouse, especialmente a partir da década dos 60, un movemento feminista que loitou pola igualdade do home e da muller en todos os ámbitos da vida.

Na actualidade poderíase dicir que nos países occidentais se acadou a igualdade no campo dos dereitos civís, aínda que a súa translación á vida cotiá dista de ser completa, sendo a miúdo moi deficitaria.

Hogano, o feminismo enténdese como un amplo movemento político-cultural que se basea na reivindicación dun mundo mellor para as mulleres. Iso non exclúe a existencia de diversas posicións sobre a emancipación da muller nos campos ideolóxico, político, económico e cultural.

2.2.1 Causas e factores da discriminación

Evolución histórica do papel da muller

Ao longo da historia da humanidade os papeis que desempeñan homes e mulleres sempre estiveron moi definidos, primando as situacións de sometemento da muller aos homes.

A finais do século XVIII, como consecuencia dos logros alcanzados en Francia coa revolución iniciada en 1789, un grupo de mulleres reivindicou a súa igualdade de dereitos, conscientes da marxinación que sufrían. En 1791, Olimpia de Gouges escribiu a Declaración dos Dereitos da Muller e da Cidadá, en resposta á Declaración dos Dereitos do Home e do Cidadán de 1789.

Na segunda metade do século XX xurdiron novas sensibilidades e reivindicacións no campo dos dereitos humanos, entre os que destacan os referidos aos nenos e ás mulleres.

A Declaración Universal dos Dereitos Humanos proclama a igualdade entre home e muller e garante os mesmos dereitos, mais moitas culturas non recoñecen esta igualdade, polo que a Asemblea Xeral da ONU aprobou o Convenio sobre os Dereitos Políticos da Muller o 20 de decembro de 1952.

“Desexando poñer en práctica o principio da igualdade de dereitos de homes e mulleres, enunciado na Carta de Nacións Unidas,

Recoñecendo que toda persoa ten dereito a participar no goberno do seu país directamente ou por conduto de representantes libremente escolleitos, e a iguais oportunidades de ingreso no servizo público do seu país; e desexando igualar a condición do home e da muller no goce e exercicio dos dereitos políticos, conforme ás disposicións da Carta das Nacións Unidas e da Declaración Universal de Dereitos Humanos,

Tendo resolto concertar unha convención con tal obxecto,

Conveñen pola presente nas disposicións seguintes:

Artigo I.- As mulleres terán dereito a votar en todas as eleccións en igualdade de condicións cós homes, sen discriminación algunha.”

Convenio sobre os Dereitos Políticos da Muller. Preámbulo.

[http://www.unhchr.ch/spanish/html/menu3/b/22_sp.htm]

Entre os compromisos aceptados polos países asinantes están:

- A condena de calquera forma de discriminación contra a muller e o recoñecemento da protección xurídica dos seus dereitos.
- Adopción de medidas sancionadoras para lograr a igualdade de dereitos co home.

O feminismo

Non está moi claro en que momento as mulleres tiveron conciencia da súa discriminación e desafiaron a sociedade como colectivo. Pero é certo que certas mulleres, a modo particular, adoptaron actitudes excepcionais no campo do coñecemento, da investigación, das artes, da literatura ...

O feminismo é un amplo movemento social que critica a desigualdade social entre mulleres e homes e proclama a promoción dos dereitos das mulleres. As teorías feministas cuestionan a relación entre sexo, sexualidade e o poder político, social, cultural e económico. As accións concretas destes colectivos estiveron encamiñadas a conseguir melloras:

- *No mundo do traballo*: coa revolución industrial a muller incorporábase ás fábricas, cobrando un salario inferior ao do home e sen poder acceder a cargos de responsabilidade. A reivindicación feminista basearase nun traballo igual, cun salario igual.
- *No campo dos dereitos cívicos*: nas revolucións liberais dos séculos XVIII e XIX os homes conseguiron o dereito ao voto; as mulleres loitaron por lograr o sufraxio universal, nacendo así o movemento sufraxista.



Manifestación de sufraxistas en Nova York (1912)



Antisufraxistas en EEUU

A cuestión que quero someterlles francamente nesta ocasión é a individualidade de cada alma humana; a nosa idea protestante, o dereito da conciencia e a opinión individuais; a nosa idea republicana, a cidadanía individual. Ao examinar os dereitos da muller, debemos considerar, en primeiro lugar, o que lle corresponde como individuo, nun mundo que é seu, o árbitro do seu propio destino, un Robinson Crusoe imaxinario coa súa muller Venres nunha illa solitaria. Nestas circunstancias os seus dereitos son utilizar todas as súas facultades en favor da súa propia seguridade e felicidade.

En segundo lugar, se a consideramos como cidadá, como membro dunha gran nación, debe ter os mesmos dereitos que os demais membros, segundo os principios fundamentais do noso goberno.

En terceiro lugar, vista como muller, como factor igual na civilización, os seus dereitos e deberes son tamén os mesmos: a felicidade e o desenvolvemento individual.

E, en cuarto lugar, son unicamente as relacións incidentais da vida, como ser nai, esposa, irmá, filla, as que puidesen implicar algúns deberes e preparación especiais."

Sufraxismo norteamericano

Cady Stanton, líder da NWSA. 1892

O feminismo suscita:

- Unha crítica á escala de valores que domina tradicionalmente as nosas sociedades, moitas veces dende unha visión masculina do mundo: discriminación económica, competitividade laboral, sufrimentos das mulleres nas guerras...
- Proposta dunha nova escala de valores que favoreceran o establecemento dunha nova estrutura económica, social e cultural máis humana e igualitaria.

Entre os seus logros destacan:

- EEUU (1848): Primeira Convención sobre os Dereitos das mulleres.
- Gran Bretaña (1868-1918): loitas das sufraxistas inglesas polo dereito ao voto.
- Dinamarca (1910): declárase o 8 de marzo Día Internacional da Muller Traballadora.
- España (1931-1936). Debate e recoñecemento do dereito ao voto da muller (1 de outubro 1931). Primo de Rivera concedera a 15 mulleres participar na Asemblea Nacional.

Na conquista do voto da muller en España hai dúas posicións: a de Clara Campoamor, que defende o dereito da muller a votar; e a de Victoria Kent, quen pide que non lle sexa concedido por non estar preparadas as mulleres españolas para exercer este dereito:

O voto hoxe na muller é absurdo, porque na inmensa maioría dos pobos o elemento feminino, na súa maior parte, está en mans dos curas, que dirixen a opinión feminina, se introducen nos fogares e imperan en todas partes. A muller española, nomeadamente a labrega, non está capacitada para facer uso do dereito do sufraxio dun xeito libre e sen consellos de ninguén. Co que hoxe acordou o Parlamento, a República sufriu un dano enorme e os seus resultados veranse axiña”.

O voto feminino

Diario *La Voz*. Outubro de 1931

“Non somos inimigos da concesión do voto á muller; estimamos que debe concedérselle ese dereito de cidadanía, pero ao seu tempo, pasados cinco anos, dez, vinte, os que sexan necesarios para a total transformación da sociedade española, cando as nosas mulleres se achen redimidas da vida de escravitude a que hoxe están sometidas, cando libres de prexuízos, de escrúpulos, de supersticións, de suxestións, deixen de ser submisas penitentes, medorentas de Deus e dos seus representantes na terra, e vexan independizada a súa conciencia”..

O voto feminino

Diario *La Voz*. Outubro de 1931

“Señores deputados, pídlle á Cámara atención respectuosa para o problema que se debate, porque estimo que non o debemos pasar á lixeira; discútese o voto feminino e é significativo que unha muller coma min se levante na tarde de hoxe a dicir á Cámara sinxelamente que cre que o voto feminino debe aprazarse. Creo que non é o momento de outorgarlle o voto á muller española. Dío unha muller que no momento crítico de dicilo, renuncia a un ideal. Por crer que con iso sirvo á República é polo que me levanto esta tarde para pedir á Cámara que esperte a conciencia republicana, que avive a fe liberal e democrática e que aprace o voto da muller. Pídoo porque non é que con iso mingúe a capacidade da muller; non é cuestión de capacidade, senón de oportunidade para a República.

Se as mulleres españolas fosen todas obreiras, se as mulleres españolas atravesasen xa un período universitario e estivesen liberadas na súa conciencia, eu levantáriame hoxe fronte a toda a Cámara para pedir o voto feminino. Pero nestas horas eu levántome para dicir o contrario e dicilo con toda a valentía do meu espírito, afrontando o xuízo que de min poidan formar as mulleres que non teñan este fervor e estes sentimentos republicanos que creo ter. É por isto polo que claramente me levanto a dicir á Cámara: ou a condicionalidade do voto ou o seu aprazamento. Hoxe, señores deputados, é perigoso conceder o voto á muller.”.

O voto feminino

Victoria Kent, Directora Xeral de Pensións e deputada do Partido Radical Socialista
[www.ticcal.org/materiales/92/EL%20VOTO%20DE%20LAS%20MUJERES.doc]

“Señores deputados: estase facendo unha constitución de tipo democrático, por un pobo que ten escrito como lema principal, no que chamo eu o arco do triunfo da súa República, o respecto profundo aos principios democráticos. Eu non sei, nin podo, nin quero, nin debo, explicar que non é posible sentar o principio de que se han de conceder uns dereitos se han de ser conformes co que nós desexamos, e previndo a continxencia de que puidese non ser así, revogalos o día de mañá. Iso non é democrático. Señores deputados... Eu non creo, non podo crer, que a muller sexa un perigo para a República, porque eu vin a muller reaccionar fronte á Ditadura e coa República. O que puidese ser un perigo é que a muller pensase que a Ditadura a quixo atraer e que a República a rexeita, porque, aínda que o que a Ditadura lle concedeu foi igualdade na nada, como me compracín eu sempre en dicir, o certo é que, dentro do seu sistema absurdo e ilegal, chamaba a muller a uns pretendidos dereitos ...”

O voto feminino

Clara Campoamor, Diario de sesións das Cortes, 30 de setembro de 1931

Na actualidade, o feminismo segue a ser un movemento social de importancia, que loita por que a igualdade sexa unha realidade en todo o planeta. Cabe destacar que en países como Arabia Saudita, Bután, Brunei, Líbano ou Omán as mulleres ou teñen limitado ou é inexistente o seu voto e a súa participación na vida política.

A corresponsabilidade

A incorporación da muller ao mundo laboral provocou que o patrón tradicional de home subministrador de recursos, existente dende os albores da historia, entrase en crise.

Na España da democracia xorde un novo fenómeno, a *dobre carga*: moitas mulleres non só deben realizar un traballo remunerado fóra da casa, senón que tamén deben desempeñar un traballo non remunerado dentro do fogar que non sempre é compartido polos demais membros da familia. Segundo as estatísticas, un 67 % do traballo doméstico é desempeñado por mulleres, fronte ao 33 % dos homes.

Avánzase cara á *corresponsabilidade*, cunha maior presenza das mulleres na vida pública, especialmente no laboral, na vida política (lei de paridade)...

Vexamos uns datos para a análise da situación:

- “A Real Academia Española da Lingua nos seus case 300 anos de existencia contou con 448 académicos, dos cales só 5 foron mulleres. Na actualidade unicamente tres cadeiras son ocupadas por académicas: Ana M^a Matute, M^a del Carmen Iglesias e Margarita Salas, estas dúas últimas como académicas electas.
- Aínda que na actual lexislatura tanto o Congreso como o Senado están presididos por mulleres, a representación feminina nas dúas institucións atópase lonxe do equilibrio. O Congreso conta con 104 mulleres dos 350 deputados elixidos. No Senado a diferenza é maior: do total de 259 só 65 son mulleres.
- No Parlamento de Galicia hai 26 deputadas (...) dos 75 parlamentarios autonómicos.
- O Tribunal Supremo está constituído por 94 maxistrados. O pasado día 18 a xuíz Milagros Calvo tomou posesión do seu cargo como a primeira muller que accede á máxima instancia da xustiza.
- Só dúas mulleres chegaron ao máis alto na cúpula de entidades bancarias en España: a Condesa de Fenosa, Carmela Arias e Díaz de Rábago, como presidenta do Banco Pastor, e Ana Patricia Botín, nomeada recentemente como nova presidenta do Banesto.
- Os homes traballan na casa cinco veces menos que as mulleres. Aínda que aumentou a súa contribución ao fogar, só dedican 44 minutos, fronte ás 3 horas e 58 minutos das mulleres.
- Unha de cada cinco mulleres europeas foron agredidas pola súa parella algunha vez. En España, o pasado ano, a violencia doméstica cobrouse a vida dunha muller cada semana.”

O lento camiño cara á igualdade

A Escola do Faro, Faro de Vigo. Febreiro de 2002

Violencia de xénero ou violencia contra as mulleres

Refírese a todo acto de violencia sexista que ten como resultado posible ou real un dano de natureza física, sexual ou psicolóxica, mediante ameazas, coerción ou privación arbitraria da liberdade para as mulleres por motivos sexistas (violencia machista).

A Asemblea Xeral das Nacións Unidas, no artigo 1 da Declaración para a eliminación da violencia contra a muller, aprobada o 20 de decembro de 1993, di:

“Artigo 1: Para os propósitos desta Declaración, o termo «violencia contra a muller» é todo acto de violencia fundamentado no sexo que dá ou pode dar como resultado un dano ou sufrimento físico, sexual ou psicolóxico para a muller, así como as ameazas de tales actos, a coacción ou a privación arbitraria da liberdade, tanto se se producen na vida pública como na vida privada”

Asemblea Xeral das Nacións Unidas

Declaración para a Eliminación da Violencia contra a Muller. 20 de decembro de 1993

O termo *violencia de xénero* foi acuñado no ano 1993, como tradución dunha expresión inglesa, e xeneralizado o seu uso dende o Congreso sobre a muller celebrado en Pequín no 1995 baixo os auspicios da ONU.

Tamén se empregan como sinónimo as expresións *violencia familiar*, *violencia intrafamiliar* (propio de Sudamérica), *violencia de parella* (no ámbito marital), *violencia doméstica* (que excluiría a violencia contra a muller fóra do fogar), *violencia sexista* ou *violencia machista*.

As causas poden ser variadas: celos, frustracións, odio, amargor, desaxustes mentais ou emocionais no home, etc. Estes son factores que contribúen, xunto coa deterioración da relación amorosa e sentimental da parella.

O maltrato psicolóxico pódese dar en ambas as direccións, aínda que o maltrato físico é máis frecuente por parte dos homes.



Ministerio de Igualdade. Campaña: **Tolerancia cero**

[http://www.migualdad.es/noticias/tolerancia_0/080708_tolerancia_cero.htm]

Secuencia de actividades

S24. *Actividade do profesorado:* explicar os contidos relativos ao papel da muller na historia da Humanidade e a súa evolución cara a unha sociedade máis paritaria.

S25. Complete a seguinte enquisa de forma persoal.

Tarefa	Alumno/a	Nai	Pai	Compañeiro/a	Irmá	Outros
▪ Facer a compra						
▪ Limpar a casa						
▪ Cociñar						
▪ Limpar baños						
▪ Limpar a cociña						
▪ Lavar e tender a roupa						
▪ Pasar o ferro e gardar roupa						
▪ Comprar roupa						
▪ Acompañar ao médico						
▪ Coidar persoas enfermas						

- Hai algún membro da familia que teña máis sobrecarga nas tarefas domésticas? Por que?

--

S26. Observe o contrato da páxina seguinte e conteste ás cuestións:

▪ Que réxime político existía no ano 1923 en España?	
▪ Que tipo de prohibicións recolle o contrato?	
▪ Que tipo de mulleres poderían ser profesoras no 1923?	

Contrato de maestras - 1923

Este es un acuerdo entre la señorita maestra, y el Consejo de Educación de la Escuela por la cual la señorita acuerda impartir clases durante un periodo de ocho meses a partir del de septiembre de 1923. El consejo de Educación acuerda pagar a la señorita la cantidad de (*75) mensuales.

La señorita acuerda:

- 1.- No casarse. Este contrato queda automáticamente anulado y sin efecto si la maestra se casa.
- 2.- No andar en compañía de hombres.
- 3.- Estar en su casa entre las 8:00 de la tarde y las 6:00 de la mañana, a menos que sea atender en función escolar.
- 4.- No pasearse por heladerías del centro de la ciudad.
- 5.- No abandonar la ciudad bajo ningún concepto sin permiso del presidente del Consejo de Delegados.
- 6.- No fumar cigarrillos. Este contrato quedará automáticamente anulado y sin efecto si se encontrara a la maestra fumando.
- 7.- No beber cerveza, vino ni whisky. Este contrato quedará automáticamente anulado y sin efecto si se encuentra la maestra bebiendo cerveza, vino o whisky.
- 8.- No viajar en coche o automóvil con ningún hombre excepto su hermano o su padre.
- 9.- No vestir ropas de colores brillantes.
- 10.- No teñirse el pelo.
- 11.- Usar al menos dos enaguas.
- 12.- No usar vestidos que queden a más de cinco centímetros por encima de los tobillos.
- 13.- Mantener limpia el aula.
 - a) barrer el suelo al menos una vez al día.
 - b) fregar el suelo del aula al menos una vez por semana con agua caliente.
 - c) Limpiar la pizarra el menos una vez al día.
 - d) encender el fuego a las 7:00, de modo que la habitación esté caliente a las 8:00, cuando lleguen los niños.
- 14.- No usar polvos faciales, no maquillarse ni pintarse los labios



Escuela de Maestras, Casasimarro (Cuenca)

DOCUMENTO

<ul style="list-style-type: none">▪ Que tipo de tareas teñen encomendadas as mestras?	
<ul style="list-style-type: none">▪ Onde vivía a mestra?	
<ul style="list-style-type: none">▪ Hoxe sería un contrato legal? Por que?	

- Que dereitos básicos violaría o devandito contrato?

S27. Lea os documentos sobre a conquista do dereito ao voto feminino en España, nas páxinas 48 e 50.

- Victoria Kent e Clara Campoamor tiñan posicións opostas ante a participación da muller. Resuma as posicións de cada unha e faga un comentario crítico.

- Dolores Ibarruri ou Federica Montseny participaron na vida política da II República española e formaron parte da transición democrática. Coa axuda de internet ou dunha enciclopedia, faga unha pequena biografía de cada unha.

Dolores Ibarruri	Federica Montseny

- Como é o dereito ao voto de homes e mulleres na España da democracia?

- Recoñécese en todos os países do mundo o sufraxio para as mulleres? Xa vimos algún país onde non se respectan. Identifíqueos e describa as desvantaxes desas mulleres respecto das que viven en países que recoñecen o seu dereito.

S28. Cada unha destas mulleres foi pioneira nalgún aspecto da vida social. Coa axuda dun dicionario enciclopédico ou de internet, ivincule os seguintes nomes propios cos feitos que as converteron en coñecidas, colocando o número indicado no lugar axeitado.

1	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Simone de Beauvoir Francia 1908-1986 	Campeña analfabeta que marchou a París. Alí foi precursora do feminismo. Redactou a Declaración dos Dereitos da muller e da cidadá.	
2	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Lili Álvarez Roma/Madrid 1905-1998 	Profesora da Sorbona, casou con Jean Paul Sartre e xuntos postularon os fundamentos do existencialismo	
3	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Agustina de Aragón España 1786-1857 	Na súa obra <i>Política Sexual</i> (1970) estudou o patriarcado, que perpetuaba o dominio dos homes sobre as mulleres. (teoría feminista)	
4	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Xoana de Arco Francia 1412-1431 	Primeira muller en ir á universidade (dereito) vestida de home para poder asistir. Tamén foi a primeira en acadar o cargo de Visitadora de Cárceres de Mulleres (1865).	
5	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Valentina Tereshkova Rusia, 1937 	Primeira muller que viaxou ao espazo no Vostok 6, no ano 1963.	
6	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Concepción Arenal Ferrol-Vigo, 1820-1893 	No seu libro <i>La mística de la feminidad</i> (1963), analizou a situación das mulleres de clase media norteamericana e denunciou a súa frustración malia o benestar económico.	
7	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Betty Friedan EEUU, 1921 	Científica pioneira no campo da radioactividade, foi a primeira persoa en recibir dous premios Nobel.	
8	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Kate Millet EEUU, 1934 	Heroína francesa durante a Guerra dos Cen Anos que foi armada cabaleiro no 1429 e dirixiu un exército que apoiou a coroación de Carlos VII de Francia.	
9	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Olimpia Gouges (1748-1793) 	Heroína da Guerra de Independencia española, levando provisións aos soldados. Pasou á historia por animar as tropas disparando un canón contra os franceses.	
10	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Marie Curie Polonia, 1867-1934 	Destacada deportista española, que foi campioa de España de tenis, de Roland Garros e disputou tres torneos de Wimbledon (1926, 1927, 1928).	

S29. A violencia de xénero é un problema da nosa sociedade

Nacionalidade	2000	2001	2002	2003	2004	2005	2006	2007
▪ Españolas	50	36	37	61	53	38	48	44
▪ Estranxeiras	9	9	13	10	17	19	20	20
▪ Sen determinar	4	5	4	0	2	3	0	0

Relación co autor	2000	2001	2002	2003	2004	2005	2006	2007
▪ Cónxuxe	31	25	24	31	34	21	31	30
▪ Ex-cónxuxe	4	2	2	4	5	3	4	5
▪ Compañeira sentimental	13	16	19	19	14	12	15	21
▪ Ex-compañeira sentimental	3	1	3	9	6	6	9	9
▪ Noiva	8	2	4	6	8	12	4	6
▪ Ex-noiva	4	4	2	3	5	6	5	3

- Elabore unha gráfica cos datos totais de vítimas dos sete anos da táboa.



- Como foi a evolución dos casos de violencia de xénero na primeira década do século XXI en España, tanto para españolas como para estranxeiras?

- Cal é a relación máis frecuente entre a vítima e o autor do delito?

S30. Defina os seguintes termos, coa axuda do dicionario ou de internet, relacionados con actitudes sexistas:

<ul style="list-style-type: none"> ▪ Androcentrismo 	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Coeducación 	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Discriminación positiva 	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Estereotipos 	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Paridade 	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Sexismo 	

S31. Faga unha lista de regalos posibles para un bebé que acaba de nacer: nun lado poña os regalos se fose unha nena e noutra columna se fose un neno. Logo faga o mesmo proceso para un neno de sete anos e unha nena. Indique tipos, cores, tamaños, formas...

Bebé neno	Bebé nena

Cativo de sete anos	Cativa de sete anos

- Hai moitos xoguetes comúns entre nenos da mesma idade e distinto sexo?

- Onde son máis acentuadas as semellanzas ou as diferenzas, nos xoguetes dos bebés ou nos dos rapaces de sete anos. Por que?

S32. O papel da muller na historia, a través das artes.

Son moitas as representacións de mulleres que podemos ver nas artes, pero poucas mulleres artistas foron recoñecidas durante moitos séculos. Observe as seguintes obras, indique a que *período histórico* pertencen e que visión ofrecen da muller.




1 Venus de Willemdorf

Autor	
Época	
Visión	



2 Venus de Milo

Autor	
Época	
Visión	



3 Mural da poetisa Safo

Autor	
Época	
Visión	




4 Autorretrato Artemisia Gentileschi

Autor	
Época	
Visión	



5 Retrato de George Sand

Autor	<i>Eugène Delacroix</i>
Época	
Visión	



6 Busto de Camille Claudel

Autor	<i>Rodin</i>
Época	
Visión	

- Son retratos, escenas ou esculturas que teñen como protagonistas a mulleres.

<ul style="list-style-type: none"> ▪ Cantas destas obras foron realizadas por mulleres? 		
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Cales representan unha artista? Tiña relación de parentesco co autor da obra? 		
<ul style="list-style-type: none"> ▪ En que actitude está representada cada unha delas? 	1	
	2	
	3	
	4	
	5	
	6	

<ul style="list-style-type: none">▪ Cite o nome de, cando menos, cinco mulleres artistas do século XX que coñeza. Nunha liña destaque algún aspecto das súas vidas.	<hr/> <hr/> <hr/> <hr/> <hr/>
---	-------------------------------

S33. Ver a película *Sólo mía*, de Javier Balaguer (2001), protagonizada por Sergi López e Paz Vega. A súa temática son os malos tratos físicos no fogar. Podería traballarse en conxunto con *Te doy mis ojos*, na que se enfrenta o tema do maltrato psíquico.

- Webquest:

[http://www.miescuelayelmundo.org/article.php3?id_article=468]

- Cine e violencia cara á muller:

[<http://www.uhu.es/cine.educacion/cineyeducacion/temasviolenciamujer.htm>]

- Unidade didáctica:

[<http://www.educared.net/PrimerasNoticias/hemero/2001/nov/soci/maltrato/espe.htm>]

- SM: recursos na rede:

[http://www.religion.profes.net/archivo2.asp?id_contenido=25990]

2.3 Participación cidadá

A pregunta que se fai todo o mundo é: *para que serven as asociacións e os movementos asociacionistas?*. O que semella estar claro é que *a unión fai a forza*.

España é un dos estados de Europa con menos voluntarios, quizá motivado pola falta de tradición histórica. De feito, este tipo de organizacións xurdiu ao abeiro da constitución democrática de 1978, polo que a súa orixe é moi recente.

Segundo o Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais, arredor de catro millóns e medio de cidadáns participan de xeito voluntario en actividades non lucrativas de cooperación, asociacionismo ou voluntariado.

A persoa voluntaria adoita ter o perfil dun individuo de menos de 40 anos, cunha alta formación académica, en maior número mulleres que homes, e que dedica unha media de cinco horas semanais a tarefas de ámbito social (sanidade, educación, cultura, cooperación ou desenvolvemento). Nos últimos anos, desde o censo de 2001, apréciase un maior aumento no número de xubilados que se involucran neste tipo de actividades.

2.3.1 Cooperación

Na actualidade é un termo de difícil definición. Etimoloxicamente poderíamos dicir que é *a acción simultánea de dúas ou máis persoas ou entidades que actúan xuntas e producen un mesmo, proporcionando axuda, auxilio ou socorro*.

Con este termo poderemos estar a referirnos a acordos para temas militares, de seguridade tecnolóxica, científica, espacial, artística, deportiva... Na prensa diaria podemos atopar un uso reiterado do termo en diversos contextos.

Mais, tamén podemos falar de *cooperación para o desenvolvemento*, é dicir, a colaboración cos pobos do terceiro mundo, atendendo a diversos criterios:

- *Onde?* De referencia: Norte/Sur.
- *Como?* Natureza e axentes: bilateral, multilateral, descentralizada, non governamental, privada, municipal...
- *En que ou con que?* Medios ou recursos: cooperación científico-técnica, técnica, financeira, municipal, con cooperantes, con recursos humanos...
- *A que ou para que?* Sectores: cooperación sanitaria, política, sindical, relixiosa, cultural, enerxética, artesanal ou comercial, comercio xusto, política agrícola, pesca, auga, industria, turismo, infraestruturas, vivenda, asentamentos humanos, transportes, refuxiados, inmigrantes, mulleres, marxidados...

Na actualidade o termo *cooperación* está vinculado cos adxectivos *humano e sustentable*, en relación aos informes do PNUD e o Cumio da Terra en Río. Con eles preténdese salientar a necesidade de alcanzar unhas mínimas condicións e calidade de vida, así como o coidado do medio e a renovabilidade e o uso de enerxías e recursos.

2.3.2 Asociacionismo

O asociacionismo parte da base de que, coa participación social, é posible transformar a realidade e mellorar os espazos públicos. A súa actuación baséase na organización e planificación de accións, reflexionadas e democráticas, por un colectivo de persoas constituídas como entidade pública ou asociación sen ánimo de lucro, coa finalidade de mellorar a calidade de vida do barrio, da cidade, do pobo, do país...

Nestas organizacións debe presuporse a independencia total dos poderes do Estado, dos partidos políticos ou das empresas

Os acordos das asociacións plásmanse nunha acta fundacional da súa asemblea, na que participan todos os promotores, e nuns estatutos, que deben rexer o seu desenvolvemento.

Regulación das asociacións

O movemento asociacionista está regulado por lei:

- Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación.
Aliña f): As asociacións poderán constituír federacións, confederacións ou unións, previo o cumprimento dos requisitos esixidos para a constitución de asociacións, con acordo expreso dos seus órganos competentes.
- Real decreto 1497/2003, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento do Rexistro Nacional de Asociacións e das súas relacións cos restantes rexistros de asociacións.

Tipos de asociacións


- **Xuvenís:** os seus membros (máis de tres) teñen idades comprendidas entre os 14 e os 30 anos, sen ánimo de lucro. Os participantes comprométese a pór en común os seus coñecementos e medios dispoñibles para a realización de actividades que consideren precisas para a obtención dos mesmos obxectivos.
- **Deportivas:** conxunto de persoas que se unen para fomentar a práctica do deporte (simplemente para o pasar ben ou con ánimo de fomentar o deporte de base).
- **De pais e nais de alumnado (ANPA):** teñen como finalidade crear e manter unha colaboración eficaz cos equipos directivos dos colexios, co profesorado e co alumnado para conquistar un ensino de calidade e que permita o desenvolvemento da personalidade humana, respectando os principios democráticos de convivencia, e os dereitos e as liberdades que recolle a Constitución Española de 1978. Ten como órganos de participación a asemblea xeral ordinaria e a xunta directiva.
- **De estudantes:** refírense exclusivamente aos niveis de ensino secundario e universitario.
- **Agrarias:** co fin de promover a modernización das estruturas agroalimentarias, favorecer a formación das persoas implicadas nos procesos de produción e xestionar os recursos axeitadamente.
- **Culturais:** termo xenérico que define calquera asociación cuxos obxectivos non teñen unha clasificación nida.

2.3.3 Voluntariado

É o traballo das persoas que serven á comunidade ou ao medio, por decisión propia e libre, sen recibir nada a cambio.

Este traballo debe caracterizarse por ser desinteresado, intencionado e xustificado. Ademais, nunca debería substituír as iniciativas da administración pública ou da acción social, senón complementalas.

Moitas e variadas son as motivacións que levan a un individuo a se converter en voluntario: o altruísmo, a calidade de vida, a devolución de favores recibidos, aumentar as relacións sociais ou as posibilidades de traballo (os empresarios valoran a participación dunha persoa en este tipo de tarefas sociais)...



Secuencia de actividades

- S34.** *Actividade do profesorado.* Explicación dos contidos da aliña de *Participación cidadá*, describindo a cooperación, o asociacionismo e o voluntariado.

Cooperación


- S35.** Cite algunha acción social que se desenvolva no seu contorno.

- Se participa nunha actividade de voluntariado, describaa brevemente. Se non, indique os motivos polos que lle gustaría ou non participar nalgunha delas.

- S36.** A poboación española no ano 2007 alcanzou a cifra de 40.448.191 de habitantes. Segundo o ministerio correspondente, 4'5 millóns dedícanse a tarefas de voluntariado. Que porcentaxe suporía do total da poboación? Calcúleo.

- Calcule agora que porcentaxe suporía o voluntariado español respecto da poboación total da Unión Europea, sabendo que no ano 2007 ascendía a 490.426.060 habitantes.

- S37.** Analice a gráfica sobre colaboración e voluntariado, por rexións do mundo, durante o ano 2005.



- Conteste ás seguintes cuestións:

<ul style="list-style-type: none"> ▪ Que rexión ou rexións do mundo están por riba da media mundial? 	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Que rexións están por baixo da media mundial? 	

<ul style="list-style-type: none"> En que rexión está incluída España? 	
<ul style="list-style-type: none"> Que posición ocupa a rexión na que se inclúe España? 	
<ul style="list-style-type: none"> O grao de voluntariado é proporcional á riqueza das rexións? 	

Asociacionismo

S38. Subliñe, na seguinte listaxe, as características que definirían unha asociación.

<ul style="list-style-type: none"> Poden estar constituídas por dous membros 	<ul style="list-style-type: none"> Independentes
<ul style="list-style-type: none"> Grupo de persoas 	<ul style="list-style-type: none"> Funcionamento democrático
<ul style="list-style-type: none"> Non poden repartir os beneficios ou excedentes ao final do ano entre os socios 	<ul style="list-style-type: none"> Poden realizar actividades que xeren excedentes ao final do ano
<ul style="list-style-type: none"> As súas actividades realízanse ao chou. 	<ul style="list-style-type: none"> Obxectivos e actividades independentes
<ul style="list-style-type: none"> Con ánimo de lucro 	<ul style="list-style-type: none"> Poden ter contratos laborais na asociación

Voluntariado

S39. Actitudes antes as distintas realidades da vida. Lea o seguinte documento e conteste ás cuestións.

"Había un mozo xeneroso que se ofreceu de voluntario nunha asociación que tiña a vontade de axudar, voluntariamente, os involuntariamente desfavorecidos da fortuna. O mozo xeneroso ofreceuse voluntario, etc.

Como era voluntario tiña moi boa vontade pero non moi grande (o tamaño é o de menos). Comprometeuse en acudir á asociación todos os martes, xoves e venres ás seis da tarde.

Na asociación estaban moi contentos coa nova fichaxe porque facía falta a súa colaboración como estudante de economía para levar as contas que naquela asociación (como en case todas) estaban sen xeito.

Pero velaquí que o voluntario, para iso era voluntario e non recibía soldo ningún, aparecía un martes, pero o xoves tiña un partido de tenis ao que non podía faltar e o venres puñan no cineclub da universidade unha interesantísima película que non podía perder.

O martes seguinte o voluntario chegou involuntariamente unha hora e cuarto máis tarde e púxose ao labor con grande entusiasmo. O seguinte xoves chegou só media hora máis tarde e cando estaba no máis arduo da súa tarefa de economista recibiu a chamada de Iolanda: "Pero, non lembrás que hoxe é o meu aniversario? -Ai, perdoa!. Deixou os papeis revoltos sobre a mesa e saíu correndo. Estivo na asociación como un cravo os tres días seguintes porque ao chegar o venres notou unha cara algo estraña no coordinador. Pero velaquí que, dúas semanas despois, atopou no xornal o anuncio dun curso intensivo de danza-jazz. Co interese que tiña o voluntario pola cultura afroamericana, a solidariedade co mundo negro, a expresión corporal! Avisou o coordinador: "Non serán máis que dúas semanas... Logo poderei chegar..."

As dúas semanas convertéronse en cinco, pero o martes da sexta apareceu puntualísimo na asociación. Na mesa que el ocupaba normalmente traballaba unha señora maior con lentes finíñas desas de mirar por encima. "Boas tardes". - "Boas tardes", contestou a señora maior e seguiu ao seu.

O coordinador asomouse á porta: "Ola, preséntoche a Dona Rosalía... É contable xubilada que se ofreceu... Vés un momento?"

Levouno ao seu despacho.

- Mira é que urxía o asunto das contas e ela, aínda que ás veces ten que traer o seu neto ou se lle pon o home enfermo, ten máis tempo...

- Pero é que eu son voluntario...

- Ben, ben... Hai outra historia para ti. Tivemos reunión os responsables de asociacións non gobernamentais, ONG, fundacións, unións e clubs benéficos, e organizamos algo que che resultará interesante. Apunta este enderezo...

Ao seguinte martes, o voluntario dirixiuse a ese enderezo. Na porta daquela casa da cidade vella había un cartelíño: "Asociación de involuntarios", andar 2º, dereita. Estivo a piques de marchar confundido pero gañoulle a curiosidade e subiu. En recepción unha rapaza estaba pondo o abrigo. "Ola, es novo, non? Aquí tes un prospecto da asociación". Ela foise. Pola sala de recepción cruzaban, entraban e saían mozos e maduros de distinta carrozaría. Leu:

Asociación de involuntarios. Fundación da unión de agrupacións de servizo social. O noso obxectivo é ofrecer un campo de actividades a todos os mozos e adultos inquedaos que queiran facer algo (non demasiado) na súa vida. Esta asociación conta con sala de revistas, videoteca, sala de reunións informais... Non hai horario fixo nin regulamento concreto. Pode vostede vir cando lle apeteza e comprometerse na actividade que vostede elixa, aínda que logo as súas múltiples ocupacións e contactos non lle permitan levar a cabo o seu compromiso.

As vantaxes desta asociación son que vostede se sentirá realizado e non deixará empantanada a acción das organizacións que parten o lombo por causas serias en defensa dos desfavorecidos (roubados) da fortuna (os poderosos). Posibles actividades que lle ofrecemos:...

Ao voluntario non lle pareceu mal a idea e íase pór a elixir unha actividade entre a ampla lista. Pero, naquel momento mirou o reloxo. "carafío, as sete e media. Hoxe transmiten o partido Oviedo-Osasuna!"

E saíu, involuntariamente correndo.

A marcha dos involuntarios

Martín Valmaseda, Revista *Alandar*, nº 116 (marzo 1995)

■ Que é un voluntario?


■ En que momento o *voluntario* da historia se converteu en *in-voluntario*?

■ Indique, segundo o seu criterio, cales dos seguintes principios deberían cualificar un voluntario:

Motivacións para o voluntariado	Si	Non
■ A mala conciencia.		
■ A boa vontade de facer algo polos demais		
■ Para suplir as miñas carencias afectivas.		

<ul style="list-style-type: none"> ▪ Pola seguridade persoal que dá a pertenza a determinados grupos. 		
<ul style="list-style-type: none"> ▪ O sentimentalismo 		
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Tempo libre ao dispor dos necesitados. 		
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Polos seus líderes carismáticos. 		
<ul style="list-style-type: none"> ▪ De xeito desinteresado, sen perseguir tipo de beneficio ningún nin gratificación pola axuda prestada. 		
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Por estar de moda entre os meus compañeiros e amigos. 		
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Non é un pasatempo nin un entretemento sen máis, senón que persegue a satisfacción dunha necesidade real, predefinida, do beneficiario. 		
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Pola persoa notable que mo suxire e un ambiente cálido do grupo que está detrás. 		
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Ser benintencionada, perseguindo un fin e un obxectivo positivo (tentando buscar unha situación de mellora para o outro) e lexítimo. 		
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Por formar parte dunha organización senlleira e exclusivista, cun grupo de persoas con "nome". 		

S40. Na filosofía xaponesa os *tres monos sabios* indican o camiño para chegar á sabedoría. Identifique cada un deles co seu nome e simboloxía.

 <p>Escultura de Hidari Jingoro Santuario Toshogu (Nikko-Xapón)</p>	kikazaru = "Non oe"	Negarse a oír maldades
	Mizaru = "Non ve"	Negarse a ver maldades
	Iwazaru = "Non fala"	Negarse a dicir maldades.

- Os tres monos amosan unha actitude contraria ao compromiso, que sería o termo que máis claramente definiría o voluntariado. Que é o que precisa ver, oír e falar unha persoa comprometida?

<ul style="list-style-type: none"> ▪ Ver 	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Oír 	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Falar 	

S41. *Actividade en gran grupo.* Cal é a súa actitude ante a vida? Durante uns minutos observe as fotos e lea os seus pés. Identifíquese cunha delas.

		
1 Algúns perderon a súa ruta	2 Hainos que van lanzados	3 Algúns andan despistadísimos
		
4 Todos precisan un guía	5 Outros andan nas nubes	6 Outros cárganse de cousas que lles impiden camiñar
		
7 Os pasotas non camiñan, sentan	8 Hainos que se entreteñen sempre con desculpas	9 Sempre hai algún que bota o día entre sonecas

En distintos lugares da aula poranse 9 números (en follas grandes) e cada alumno/a deberá sentar baixo o número da imaxe coa que se sinta identificado (formando entre todos un círculo). Deben adoptar unha postura, co seu corpo, axeitada á frase elixida.

Deben debater entre as persoas que escollan o mesmo número e crear un lema que defina a súa posición. Logo deben escribilo nunha cartolina que acompañará ao seu número. Escribir a frase tamén no caderno.

O profesorado proporcionará un dado (pódese empregar un cubo de calquera tipo: dado, xoguetes, madeira, caixas pequenas,...) en que aparecen os números do 1 ao 6. O/a primeiro/a alumno/a presentárase voluntario. Tirará o dado e deberá contestar á cuestión correspondente a ese número (da listaxe que segue).

Cando remate pasaralle o dado o/a compañeiro/a que desexe e volverá a lanzar este último o dado ou cubo. Pódese rematar cando todo o alumnado conteste polo menos a unha das cuestións.

1	▪ Síntome orgulloso de ter feito...
2	▪ Ao longo da miña vida fomentei ...
3	▪ Gústame axudar en /ou/a...
4	▪ Creo que madurei grazas a...
5	▪ Falleime a min mesmo en ...
6	▪ As miñas relacións cos meus (amigos, familia, pais, amigos, veciños,) caracterízanse por...

2.4 Educación viaria

A educación viaria ten como obxectivo o comportamento responsable dos cidadáns e das cidadás ao usaren as vías públicas. As normas e os consellos viarios afectan por igual a nenos e maiores, condutores, viaxeiros ou peóns.






Os sinais de tráfico forman un dos códigos máis coñecidos do mundo. En realidade, existen dous códigos de tráfico: o da Commonwealth, empregado no Reino Unido e todos os territorios que formaron parte do seu imperio, e os sinais da Convención de Viena, empregados en toda Europa continental e as súas antigas colonias ou zonas de influencia.

Tipos de sinais

Na Convención de Viena recoñécense os seguintes tipos de sinais:

- *Advertencia de perigo*: triangulares e vermellos/brancos.
- *Restrición de paso*: circulares e vermellos.
- *Prohibición*: circulares e vermellos.
- *Prioridade e prohibición de entrada*: circulares e vermellos.
- *Fin de prohibición*: circulares e negros.
- *Obriga*: circulares e azuis.
- *Indicacións xerais*: rectangulares ou cuadrangulares e azuis.
- *Servizos*: rectangulares e azuis.
- *Carrís*: rectangulares e azuis.
- *Mercadorías perigosas*: romboides.

				
Paso ao nivel con barreira	Limitación de peso	Adiantamento prohibido	Detención obrigatoria	Fin limitación velocidade 60 Km/h

				
Sentido xiratorio obrigatorio	Fin de túnel	Taller reparación e gasoleira	Final carril	Mercadorías perigosas

2.4.1 A seguridade viaria

Como condutores

No ano 2007, 1.146.826 persoas obtiveron o permiso de condución, cantidade que supuxo o 4 % de incremento respecto do 2006 e un 67 % máis que hai unha década.

Homes			Anos	Mulleres		
Titulares outros permisos	Novos condutores	Total		Total	Novas condutoras	Titulares outros permisos
105.934	279.223	385057	1998	303.663	290.562	13.101
123.226	288.524	411.750	1999	318.361	301.515	16.846
133.008	288.523	421.531	2000	328.860	309.212	19.648
138.289	276.432	414.721	2001	307.272	285.214	22.058
156.267	303.231	459.498	2002	343.731	318.277	25.454
179.864	329.377	509.241	2003	365.703	336.342	29.361
208.531	423.386	631.917	2004	396.036	360.145	35.891
195.840	366.947	562.787	2005	386.822	361.396	25.426
240.368	420.133	660.501	2006	442.757	406.762	35.995
298.220	407.113	705.333	2007	441.493	400.507	40.986

O 1 de xullo de 2006 entrou en vigor en España o *carné por puntos*, que xa funcionaba no Reino Unido (1972), Alemaña (1974), Francia (1992) e Austria (1993). O permiso por puntos intenta ser unha medida disuasoria contra os condutores reincidentes.

No punto de partida, un condutor novo, con menos de tres anos de carné, disporá de oito puntos, entanto que todos os demais condutores partirán con 12 puntos. A perda dos 12 puntos suporá a retirada durante seis meses do carné na primeira vez; de existir unha segunda, a retirada sería por 12 meses.

Os puntos recupéranse de catro en catro con cursos de sensibilización e reeducación, pero só se pode facer un cada dous anos. As infraccións polas que se perden puntos son:

Seis puntos	Catro puntos	Tres puntos	Dous puntos
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Conducir baixo os efectos do alcohol (>0,75 mg/l. Profesionais, >0,3 mg/l). ▪ Conducir baixo os efectos de drogas. ▪ Negarse a realizar as probas de alcoholemia ou drogas. ▪ Circular en sentido contrario. ▪ Conducir de forma temeraria. ▪ Velocidade en autoestrada a máis de 180 km/h. ▪ Velocidade en estrada a máis de 135 km/h. ▪ Transporte terrestre. Incumprimento de tempos: >50% máximo permitido ou <50% do tempo de descanso obrigatorio. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Conducir baixo efectos do alcohol (0,25-0,75 mg/l). Profesionais, 0,15-0,3 mg/l. ▪ Conducir un vehículo con ocupación 50 % superior ao número de prazas. ▪ Tirar obxectos que poidan producir incendios ou accidentes. ▪ Condución negligente. ▪ Exceso de velocidade en autoestrada en máis de 40-50 Km/h (161-180 km/h). ▪ Circular en estrada entre 130 e 135 km/h. ▪ Incumprir prioridade de paso. ▪ Pór en perigo os ciclistas. ▪ Adiantamentos perigosos. ▪ Non respectar sinais de axentes da circulación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Exceso de velocidade en autoestrada: en máis de 30-40 Km/h (151-161 km/h). ▪ Exceso de velocidade en estrada (121 e 130 km/h). ▪ Non manter a distancia de seguridade. ▪ Circular sen luz con falta de visibilidade. ▪ Circular producindo cegamento a outros usuarios ▪ Conducir falando por teléfono. ▪ Parar perigosamente en curvas, cambios de rasante e proximidades, pasos inferiores, túneles e proximidades, pasos a nivel, lugares perigosos ou nos que se obstaculice gravemente a circulación, etc 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Exceso de velocidade en autoestrada: a máis de 141 km/h e menos de 151 km/h. ▪ Exceso de velocidade en estrada entre 121 e 111 km/h. ▪ Incumprir normas sobre adiantamentos (sen pór en perigo outros usuarios). ▪ Cambiar de sentido, dirección ou dar marcha atrás incumprindo as normas. ▪ Circular sen utilizar o luz cando sexa obrigatorio. ▪ Conducir sen utilizar o cinto de seguridade. ▪ Circular con menores sen cadeira adecuada. ▪ Conducir sen casco ou con casco non homologado

Os accidentes nas estradas son unha das causas máis importantes de falecemento en España, nomeadamente entre a xente nova. No ano 2007 producíronse 2.415 accidentes mortais nos que faleceron 2.741 persoas.

Desde a entrada en vigor do carné por puntos véñese producindo unha diminución progresiva no número de falecementos. No ano 2007 houbo 274 mortos menos que no ano anterior, o que supuxo unha redución do 9'1 % na sinistralidade.

DXT (Balance sinistralidade 2007)	2003	2004	2005	2006	2007
▪ Accidentes mortais	3.443	3.036	2.876	2.626	2.415
▪ Víctimas mortais	4.029	3.511	3.332	3.015	2.741
▪ Feridos graves	2.077	1.635	1.505	1.429	1.150

Canto ás vítimas mortais, produciuse nos últimos anos un descenso en todos os tramos de idade, especialmente nos nenos de ata 14 anos (datos da Dirección Xeral de Tráfico, informe 2007).

Víctimas mortais	2003	2006	2007
▪ Ata 14 anos	114	64	48
▪ De 15 a 24 anos	785	438	421
▪ De 25 a 34 anos	914	625	583
▪ De 35 a 44 anos	625	497	443
▪ De 45 a 54 anos	463	354	316
▪ De 55 a 64 anos	371	251	237
▪ Maiores de 64 anos	566	399	343
▪ Descoñecido	191	387	350
▪ Total	4029	3.015	2.741

Como peóns

É peón toda aquela persoa que circula a pé, ou que empurra un carriño de nenos, unha cadeira de minusválidos ou calquera vehículo sen motor ou un ciclomotor de dúas rodas. O bo comportamento dos peóns debe basearse nos seguintes principios:

- Camiñar sempre por beirarrúas.
- Utilizar sempre os pasos de peóns para cruzar a rúa.
- Mirar sempre antes de cruzar, primeiro á esquerda, logo á dereita e de novo á esquerda.
- Se o paso de peóns está regulado por semáforo, respectalo: non cruzar en vermello nin en intermitente, esperar na beirarrúa a que se poña verde e non esquecer mirar de igual modo se vén algún coche.
- Ter coidado ao pasar á beira dun garaxe ou taller, poden saír coches.
- Non cruzar a rúa saíndo de entre os coches estacionados.
- Cruzar sempre en liña recta, nunca en diagonal nin correndo.
- Nas beirarrúas estreitas, cederlle o paso á xente maior.
- Se se ten algún problema, pedirlle axuda a un policía local.

2.4.2 Condución económica ou ecolóxica

O uso de técnicas de condución económica permite aforrar aos automobilistas ata un 15 % anual do combustible, o que ademais dun aforro económico supón unha diminución da contaminación ambiental.

Os malos hábitos dos condutores poden corrrixirse seguindo sinxelos consellos ao volante e no mantemento do vehículo.

- Ao arrincar o coche non pise o acelerador. No caso dos motores de gasolina inicie a marcha inmediatamente despois do arranque; nos diésel convén esperar uns segundos antes de iniciar a marcha.
- A primeira marcha é recomendable utilízala só para o inicio da marcha e cambiar a segunda aos dous segundos ou seis metros aproximadamente.
- Ao comezo do percorrido, avance a unha velocidade moderada, acelerando progresivamente. Espere a que a temperatura do motor se estabilice para demandar a máxima potencia. Ademais, teña en conta que as aceleradas en frío someten a esforzos extras o motor, reducen a súa duración e incrementan o consumo.
- Circule a unhas 2.000 ou 2.500 revolucións por minuto en coches de gasolina e a unhas 1.500 ou 2.000 revolucións por minuto nos diésel.
- Conduza con anticipación e tranquilidade, evitando as freadas, as aceleracións bruscas e os cambios de marchas innecesarios. Manteña unha adecuada distancia de seguridade e circule a unha velocidade regular, xa que desta forma se pode aforrar entre un 10 % e un 15 % de carburante.
- Modere a velocidade, xa que, ademais de mellorar a seguridade, por riba dos 100 km/h o consumo de combustible multiplícase.
- Apague o motor do vehículo en paradas superiores a un minuto.
- Cando se circula baixando unha pendente, convén levantar o pé do acelerador e aproveitar así a inercia do coche, utilizando o cambio e o pedal de freo para efectuar pequenas correccións e axustar a velocidade. Non deixe o cambio de marchas en punto morto, xa que non só é perigoso, senón que ademais o coche consome máis.
- Ao subir unha pendente, o mellor é utilizar a marcha máis longa posible, pisando o acelerador o xusto para manter a velocidade.
- Non conduza coas fiestras baixadas, xa que isto provoca unha maior resistencia ao movemento e, polo tanto, maior esforzo do motor e maior consumo.
- Utilice o aire acondicionado só o imprescindible xa que o seu uso aumenta ata un 20 % o consumo.
- Os accesorios exteriores aumentan a resistencia do vehículo ao aire e polo tanto incrementan o consumo de carburante. Por iso, non é recomendable transportar obxectos no exterior do vehículo ou na baca se non é estritamente necesario.
- O peso dos obxectos transportados no vehículo e o dos seus ocupantes inflúe sobre o consumo de xeito apreciable, sobre todo nos arranques e períodos de aceleración.
- Manter en bo estado o motor axuda a non consumir máis combustible do necesario: é importante ter limpo o aceite e o filtro do aire para que a combustión sexa máis eficiente. As buxías deben manterse sen residuos da combustión, co eléctrodo en bo estado e os inxectores libres de obstrucións.
- Os filtros de combustible obstruídos ou cun desempeño limitado non só diminúen o funcionamento do motor, senón que poden contribuír a que a sucidade contamine o sistema de combustible e o motor se desgaste.
- Vixie a presión dos pneumáticos, unha presión incorrecta incrementa o consumo ata un 10 %, reduce a vida dos pneumáticos e diminúe a seguridade."

Trucos para o aforro de combustible

[<http://www.supermotor.com/revista/actualidad/255191/ahorra-combustible:-trucos-para-consumir-menos.html>]

Secuencia de actividades

S42. *Actividade do profesorado:* breve presentación do apartado.

A educación viaria é un tema de actualidade, debido á alta sinistralidade das estradas españolas e á alta contaminación do parque automobilístico mundial. É preciso facer fincapé no cumprimento das normas de condución e concienciarse da crecente necesidade de reducir o seu impacto no medio ambiente.

S43. Identifique os seguintes sinais polo tipo ao que pertencen.



S44. Observe a táboa de datos da evolución dos permisos de condución expedidos en España na última década.

<ul style="list-style-type: none"> Observe o dato de novos condutores. Hai moita diferenza, en números, entre homes e mulleres? 	
<ul style="list-style-type: none"> Por que son tan notables as diferenzas nos totais entre homes e mulleres? 	
<ul style="list-style-type: none"> Indique en que anos se produciu unha diminución no número de novos condutores. 	

S45. Observe as táboas de falecementos nos últimos anos en España.

<ul style="list-style-type: none"> ▪ Que tramo de idade ten un maior índice de siniestralidade? 	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Cales serán os motivos? 	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Por que se reduciría tanto a porcentaxe de accidentes en menores de 14 anos? 	

S46. Lea o seguinte artigo xornalístico.

Heraldo de Aragón | Martes 24 de abril de 2007 GALERÍA | 45

Cerca de 3.300 personas mueren cada día en el mundo por los accidentes de tráfico

La ONU equipara las cifras de siniestralidad en las carreteras a la mortalidad que causan enfermedades como la malaria o la tuberculosis, e inicia una campaña para reducirlas

GINEBRA. Cerca de 3.300 personas mueren cada día por traumatismos sufridos en accidentes de tráfico y, de ellas, una media de 1.049 son menores de 25 años, según la ONU, que equipara esas cifras con la mortalidad que causan enfermedades como la malaria o la tuberculosis.

Con motivo de la celebración de la primera Semana Mundial de la Seguridad Vial, a partir de ayer comenzaron en todo el mundo actividades encaminadas a concienciar a la población de que los accidentes de tráfico son evitables y a buscar modos de reducir su siniestralidad.

La ONU ha decidido dedicar especial atención al problema que suponen los accidentes entre los jóvenes de todo el mundo, ya que entre los de 15 a 19 años los accidentes de tráfico son la primera causa de mortalidad y la segunda entre los de 10 a 14 y los de 20 a 24, según la Organización Mundial de la Salud (OMS).

Mil jóvenes fallecidos al día
En total, cada día una media de 1.049 jóvenes mueren en las carreteras, una cifra sobre la que la ONU ha querido llamar la atención lanzando al aire otros tantos globos blancos desde el Palacio de las Naciones Unidas de Ginebra.

Sin embargo, una de las actividades más novedosas de las que van a tener lugar en la sede europea de la ONU es la organización de una "Asamblea Mundial de Jóvenes sobre Seguridad Vial", una reunión de dos días que por primera vez convoca a más de 400 jóvenes de un centenar de países, así como de organizaciones no gubernamentales y observadores de todo el mundo.

La presidenta de la asamblea, Nelly Ghusayni -una libanesa de 21 años-, defendió ayer que es necesario contar con los jóvenes a la hora de diseñar las campañas de prevención, porque "las elaboradas por los adultos en ocasiones no consiguen llegarnos ni comprometernos", y abogó por la organización de una Conferencia Mundial de la ONU sobre Seguridad Vial.

El vicepresidente de la Comisión Europea y responsable de Transportes, Jacques Barrot, que también asiste a la asamblea, apoyó la organización de esa conferencia ministerial, ya que "ayudaría a erradicar una forma más de violencia, la violencia vial, algo que forma parte de la función de Naciones Unidas, y que sería extremadamente útil para potenciar una movilización general".

"La violencia vial -según Barrot- es tan dramática como la militar" y, si no se toman "medidas a nivel mundial, los accidentes de carretera se convertirán pronto en la tercera causa de muerte en el mundo".

En 2002 murieron en las carreteras 1,2 millones de personas, de las que más de 400.000 eran menores de 25 años, al tiempo que entre 20 y 50 millones resultaron heridas, según la OMS.

Su director para la Prevención de Heridas y Violencia, Etienne Krug, también consideró "una gran idea" la organización de una conferencia mundial bajo el auspicio de las Naciones Unidas y recordó que ya existen reuniones similares sobre medioambiente o salud.

"Sería conveniente que existiera una plataforma que reúna a todos los responsables nacionales relacionados con la seguridad vial para que intercambien sus ideas y mejores prácticas", explicó.

Niños atropellados
El director de la División de Transporte de la Comisión de la ONU para Europa (UNECE), José Capel, añadió que los mayores beneficiarios serían los países de ingresos bajos y medios, que podrían aprender sobre las mejores prácticas puestas en marcha en los más desarrollados.

En ese sentido, Krug llamó la atención sobre la diferencia del tipo de víctimas jóvenes que dejan los accidentes de carretera según el grado de desarrollo de los países.

"Mientras que en los desarrollados más de la mitad de los accidentes afecta a jóvenes de entre 20 y 25 años, que iban conduciendo o dentro del vehículo siniestrado, en los de ingresos más bajos la mayoría de las víctimas son niños de entre 5 y 9 años, que resultaron atropellados", detalló el responsable de Transporte de la ONU para Europa.

Por ello, los expertos reclaman que, aunque es necesario que todo el mundo se movilice, cada país debe estudiar su propia situación y aplicar medidas de prevención específicas.

En Europa las medidas más eficaces son, según Barrot, combatir y sancionar el exceso de velocidad y la conducción bajo el efecto de alcohol o drogas, así como potenciar el uso del cinturón de seguridad y el casco.

EPA

Schumacher pide un congreso mundial sobre seguridad

El alemán Michael Schumacher, siete veces campeón mundial de Fórmula 1, pidió ayer en Londres la celebración de una conferencia mundial para promover la seguridad en las carreteras. "Queremos implicar a los ministros de transporte de las Naciones Unidas en una reunión para estudiar este asunto", afirmó Schumacher en la inauguración de la campaña "Make Roads Safe" ("Hagamos las carreteras seguras"). El ex piloto, de 38 años, se mostró partidario de sustituir muchos cruces a nivel por rotondas. "Espero que así se puedan salvar tantas vidas como sea posible".

El portavoz de Cruz Roja Española, Carlos Urquía, alertó ayer de que en el mundo muere "una persona cada 30 segundos y un niño cada tres minutos" a causa de los siniestros de circulación.

Por su parte, la directora general de la Organización Mundial de la Salud, Margaret Chan, pidió ayer a los jóvenes que lideren la lucha contra los acciden-

tes de tráfico, durante la sesión inaugural de la Asamblea Mundial de Jóvenes por la Seguridad Vial, que tiene lugar en Ginebra (Suiza) con motivo de la Semana Global por la Seguridad Vial organizada por la ONU.

"Centrarse en la gente joven es muy apropiado. Los jóvenes tienen la energía y el poder de persuasión necesarios para ayudar a liderar la lucha contra la principal causa de muerte de los jóvenes entre 10 y 24 años en el mundo", dijo ante un auditorio de jóvenes de 100 países distintos.

Margaret Chan se refirió a la primera muerte relacionada con un accidente de tráfico, ocurrida en 1896. En aquella ocasión, según las informaciones de la época el juez advirtió de que aquel suceso no debería repetirse jamás. Sin embargo, la directora general de la OMS recordó que hoy en día 1,2 millones de personas pierden la vida en las carreteras cada año. **AGENCIAS**

<ul style="list-style-type: none"> ▪ Cal é a preocupación da ONU? (Ideas principais do artigo) 	
---	--

Campañas de concienciación

S47. Vexan dalgúns destes pequenos anuncios das campañas de concienciación, para unha conducción segura da Dirección Xeral de Tráfico. Coméntenos en gran grupo e analicen as causas polas que son tan frecuentes estas imprudencias ao voante.

- Condución e alcohol:
 - <http://es.youtube.com/watch?v=YdPd5H7cQEE&feature=related>
- Uso axeitado do cinto de seguridade:
 - http://es.youtube.com/watch?v=PWFK_e4cemw&feature=related
 - <http://es.youtube.com/watch?v=yjibqwFHRcA>
 - <http://es.youtube.com/watch?v=dZxbCraFIc0&feature=related>
 - <http://es.youtube.com/watch?v=1auegY21R3w&feature=related>
 - <http://es.youtube.com/watch?v=GKF5tIsA7yo&NR=1>
- Cumprindo as normas de tráfico:
 - <http://es.youtube.com/watch?v=EKW1iAaWot4&feature=related>
- Velocidade axeitada:
 - <http://es.youtube.com/watch?v=VQ7vYeEAOe8>
 - <http://es.youtube.com/watch?v=WOeWZbJfbUk&feature=related>

Condución eficiente: aforro na condución

S48. Analice os vídeos e a infografía titulada *Consellos para aforrar combustible*.

- <http://www.idae.es/index.php/mod.pags/mem.detalle/idpag.301/recategoria.2580>
- http://www.consumer.es/web/es/motor/mantenimiento_automovil/2003/09/19/140078.php
- <http://www.idae.es/index.php/mod.global/mem.buscar> (IDAE)

Unha vez analizada a información dos vídeos e do texto, narre que comportamentos temos na nosa vida cotiá contrarios ao aforro na condución.

3. Cuestionario de avaliación

1. Todas as persoas teñen dereito a ser tratadas por igual ante a lei, con xustiza e dignidade.

- Sempre.
- Nunca.
- Cando o merezan.
- Si, sempre que non cometeran algún delito.

2. A Declaración dos Dereitos Humanos reconece...

- Os dereitos de toda a humanidade.
- Algúns dereitos para todos os habitantes da Terra.
- Os dereitos para os habitantes do primeiro mundo.
- Que non todos somos iguais.

3. Quen garante o cumprimento dos dereitos humanos?

- Os organismos oficiais e os mandatarios.
- As ONG.
- A cidadanía.
- Os organismos, altos mandatarios e as ONG.

4. Na Declaración dos Dereitos Humanos só se fala dos dereitos dos cidadáns e das cidadás.

- Verdade, pois o home só ten dereitos.
- Falso, só reconece os dereitos das cidadás.
- Falso, só reconece os dereitos dos cidadáns.
- Falso, pois reconece os dereitos e deberes dos cidadáns e das cidadás.

5. O voluntariado é...

- Unha forma de entreter o tempo libre.
- Unha forma de exercer a solidariedade.
- Unha forma de quedar ben ante os amigos e amigas.
- Unha forma de coñecer a moita xente.

6. Os sectores da sociedade que máis sofren as inxustizas no mundo son...

- Os nenos e os homes.
- As nenas e os homes.
- Os nenos, as nenas e as mulleres.
- Os homes e as mulleres.

7. Cantos puntos pode perder se non leva o cinto de seguridade posto?

- Dous.
- Tres.
- Catro.
- Ningún.

8. Cantos puntos se poden perder por non acceder a realizar as probas de alcoholemia ou droga?

- Ningún.
- Dous.
- Catro.
- Seis.

9. Está permitido o uso do teléfono móbil mentres se conduce calquera vehículo?

- Si, aínda que é aconsellable non o empregar.
- Non. Está prohibido, xa que impide manter a propia liberdade de movementos e a atención permanente á condución.
- Si. Sempre que a conversa dure menos de dous minutos e o teléfono se empregue coa man esquerda.
- Non. Aínda que os traballadores autónomos poden empregarlos para calquera urxencia.

10. O uso do cinto de seguridade nos automóbil é obrigatorio nos turismos...

- Para todos os pasaxeiros do vehículo, mais só cando circulen por vías interurbanas.
- Non é obrigatorio o seu uso para ninguén.
- Só para o condutor e o pasaxeiro do asento dianteiro, sempre que circulen por vías urbanas.
- Para todos os pasaxeiros do vehículo que circulen por calquera tipo de vía por moi curto que sexa o traxecto.